

# A Situación Laboral nas Enxeñarías en Informática de Galicia



**TOMO II:**

**ENXEÑARÍA TÉCNICA EN INFORMÁTICA**



Este documento distribúese baixo licenza  
Creative Commons 3.0 Spain Attribution/Non Comercial  
Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:  
<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/deed.gl>

Este documento foi elaborado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), en colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), o Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG) e baixo a coordinación da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.


A publicación deste informe correspóndese coa iniciativa CES-LA2-I4 Acceso libre aos contidos de orixe pública, do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI).  
O contido deste informe non representa necesariamente a posición oficial da Xunta de Galicia.

**Edita:**



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Modernización  
e Innovación Tecnolóxica

**Co-edita:**



ISBN: 978-84-613-0780-7

## ÍNDICE

Grupo de traballo.....	5
Introdución.....	8
Capítulo IV. Datos técnicos do estudo.....	11
IV.1. Universo.....	12
IV.2. Deseño mostral.....	12
IV.3. Ámbito xeográfico.....	13
IV.4. Recollida da información.....	13
IV.5. Cuestionario.....	13
IV.6. Realización do traballo de campo.....	13
Capítulo V. Resultados: Enxeñaría Técnica en Informática.....	15
V.1. Datos clasificatorios.....	17
V.1.1. Distribución por universidade.....	17
V.1.2. Características sociodemográficas .....	18
V.2. Formación.....	20
V.2.1. Formación universitaria adquirida no título.....	21
V.2.2. Formación complementaria posterior ao remate do título.....	28
V.3. Situación laboral .....	31
V.3.1. Características da situación laboral .....	31
V.3.1.1. Traballo por conta propia.....	35
V.3.1.2. Traballo por conta allea.....	36
V.3.1.2.1. Características do traballo por conta allea.....	36
V.3.1.2.1.1. Xornada laboral.....	36
V.3.1.2.1.2. Tipo de contrato.....	38
V.3.1.2.1.3. Tipo de exercicio profesional.....	39
V.3.1.2.1.4. Tipo de empresa.....	42
V.3.1.2.1.5. Distribución xeográfica.....	45
V.3.1.2.2. Traballo no sector público.....	48
V.3.1.2.3. Traballo no sector privado.....	51
V.3.1.2.3.1. Traballo nas empresas do sector TIC.....	52
V.3.1.2.3.2. Traballo nas empresas doutros sectores non relacionados coas TIC.....	54
V.3.1.2.3.3. Aspectos xerais do posto de traballo actual desempeñado no sector privado.....	58
V.3.1.2.4. Salario .....	65
V.3.1.3. Procura do primeiro emprego.....	68
V.3.1.4. Actualmente desempregados.....	70
V.4. Diagnóstico da profesión.....	70
V.4.1. Percepción da situación profesional actual.....	70
V.4.2. Percepción da situación da profesión nun futuro próximo .....	71
V.4.3. Necesidade de explorar outros sectores profesionais.....	72

V.4.4. Sectores profesionais recomendados na busca de emprego.....	72
V.4.5. Competencias profesionais.....	76
V.4.6. Valoración de distintas opinións relacionadas coa profesión .....	78
V.5. Relación con organizacións (colexios ou asociacións).....	81
Capítulo VI: Resumo de resultados.....	85
VI.1. O título: enxeñaría técnica.....	86
VI.2. Características sociodemográficas.....	86
VI.3. Formación.....	86
VI.4. Situación laboral .....	88
VI.5. Diagnóstico da profesión.....	92
VI.6. Relación con organizacións (colexios ou asociacións).....	93
Anexos.....	95
Anexo I: Ficha técnica.....	96
Anexo II: Cuestionario.....	97
Anexo III: Referencias e bibliografía.....	116
Documentos na web.....	117
Anexo IV: Glosario de siglas.....	118

## **GRUPO DE TRABAJO**

## Grupo de traballo

- Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

José Eduardo López Pereira  
*Director da ACSUG*

Julio Ernesto Abalde Alonso  
*Ex-director da ACSUG*

M<sup>a</sup> Carmen Fernández Montes  
*Técnica Unidade de Programas (Inserción Laboral) da ACSUG*

- Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia

Miguel Abal González  
*Vicepresidente*

Rubén Cid Fernández  
*Ex-vicepresidente*

Anxos Cabado Lourés  
*Ex-tesoureira*

- Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia

Irene Bonome Gradaílle  
*Técnica da Fundación*

Gaspar Domínguez Méndez  
*Técnico da Fundación*

- Proxectos, Consultoría e Formación

Carlos M. Abella Vázquez  
*Responsable da área de Investigación Social Aplicada*

Diana Rodríguez Losada  
*Consultora da área de Investigación Social Aplicada*



# INTRODUCCIÓN



## Introdución

Os estudos universitarios de informática en Galicia destacan pola súa xuventude con respecto a outras comunidades autónomas. A enxeñaría en informática en España implántase no ano 1976 nas seguintes universidades: Universidade Politécnica de Madrid (UPM), Universidade Politécnica de Cataluña (UPC) e Universidade do País Vasco (UPV).

Dez anos máis tarde, co fin de dar resposta á necesidade de profesionais cualificados nas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e na sociedade da información (SI) demandados pola sociedade galega, xurdirán os primeiros estudos de enxeñaría en informática en Galicia, froito dun debate convocado pola Universidade de Santiago de Compostela entre as empresas informáticas e profesionais máis relevantes do país, así como representantes das facultades e escolas de informática existentes. Nese debate determinaríase a orientación dos futuros estudos de informática en Galicia, implantándose a licenciatura en informática e a diplomatura en informática no ano 1986, na Escola Universitaria de Informática da Coruña. Posteriormente, no ano 1991 créase na Universidade de Vigo no campus de Ourense, a Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión xunto co título de enxeñaría técnica en informática de xestión. A esta universidade, no ano 1999, concederáselle pola Xunta de Galicia a autorización para impartir o segundo ciclo do título de enxeñaría técnica en informática de xestión, quedando así establecida a enxeñaría en informática. Finalmente, no ano 2004, a Universidade de Santiago de Compostela, autorizada polo goberno galego, implantará o título de enxeñaría técnica en informática de sistemas, quedando o Sistema Universitario de Galicia estruturado cos seguintes estudos universitarios informáticos:

- ➔ Enxeñaría en informática, impartida na Universidade da Coruña (campus da Coruña) e na Universidade de Vigo (campus de Ourense).
- ➔ Enxeñaría técnica en informática de xestión, impartida na Universidade da Coruña (campus da Coruña) e na Universidade de Vigo (campus de Ourense).
- ➔ Enxeñaría técnica informática de sistemas, impartida na Universidade da Coruña (campus da Coruña) e na Universidade de Santiago de Compostela (campus de Santiago).

Os estudos universitarios hoxe están inmersos no proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), iniciado no ano 1999 coa Declaración de Boloña. A nova estrutura dos estudos universitarios informáticos corresponderase ao título de máster no ámbito da enxeñaría en informática e ao título de grao no ámbito da enxeñaría técnica en informática. No caso particular da enxeñaría en informática e enxeñaría técnica en informática, comezaron dito proceso participando na elaboración do Libro Blanco do título de Grao en Enxeñaría en Informática, sentando as bases de cales serían os aspectos fundamentais no deseño dun modelo de título de grao.

Actualmente, no curso 2009-2010 impartiranse os primeiros títulos adaptados ao EEES, Grao en Enxeñaría Informática na UVI e Grao en Enxeñaría Informática na USC.

O presente estudo está enmarcado dentro das iniciativas do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI), aprobado pola Xunta de Galicia e referendado polo Parlamento Galego o 30 de marzo de 2007, que ten como obxectivo fomentar o desenvolvemento dunha economía de coñecemento que permita a Galicia converxer cos niveis europeos de desenvolvemento da sociedade da información, segundo os obxectivos fixados na Estratexia de Lisboa e en posteriores revisións deste programa.

Este informe foi elaborado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), en colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), o Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG) e baixo a

coordinación do Observatorio da Sociedade da Información e da Modernización de Galicia (OSIMGA) no marco das tarefas encomendadas pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, sen olvidar en ningún momento e agradecer expresamente o esforzo de todas as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que participaron na enquisa, xa que coa súa colaboración, fan posible dispoñer destes datos.

O obxectivo principal é coñecer a situación profesional actual das enxeñarías e enxeñarías técnicas en informática do Sistema Universitario de Galicia (SUG), proporcionando información relevante de utilidade para todos os grupos de interés implicados: universidades, profesionais do sector, colexios e asociacións informáticas, empresas e sociedade en xeral.

O documento está estruturado en tres capítulos do seguinte modo. No capítulo 4 preséntanse os datos técnicos do estudo, describindo a poboación e a mostra obxecto do estudo, así como a metodoloxía considerada á hora de realizar a enquisa. No capítulo 5 presentamos os principais resultados obtidos para o título<sup>1</sup> de enxeñaría técnica en informática, diferenciando cinco grandes apartados: datos clasificatorios, formación, situación laboral, diagnóstico da profesión e relación con organizacións (colexios ou asociacións). Rematamos o informe co capítulo 6 onde se fai un breve resumo das principais conclusións obtidas nos dous anteriores capítulos. Posteriormente, complementamos o informe con catro anexos onde se presentan a ficha técnica do estudo, o cuestionario, a bibliografía e referencias empregadas e finalmente un glosario de siglas.

Nalgúns apartados do presente informe non se presentan os resultados obtidos debido a falta de mostra, tendo en conta o artigo 24 da sección cuarta da Lei estatística de Galicia no que quedan amparados polo segredo estatístico tanto os datos relativos ás persoas físicas como ás persoas xurídicas e no que se afirma que: "*O segredo estatístico é vulnerado non só pola comunicación directa de datos non autorizada, senón tamén pola comunicación de datos dos que se poida deducir razoablemente información individual*"<sup>2</sup>.

Respecto ás referencias e bibliografía empregada ao longo do informe, a súa principal función é a ampliación de información e o enriquecemento dos resultados obtidos, permitíndonos realizar comparacións, sempre dunha maneira cautelara e simplemente ilustrativa de tendencias, xa que cada estudo adopta as súas características e metodoloxía propia.

<sup>1</sup> A partir do RD 1393/2007 as "titulacións" pasan a denominarse "títulos".

<sup>2</sup> <http://www.ige.eu>

## CAPÍTULO IV

### Datos técnicos do estudo

## IV. Datos técnicos do estudo

### IV.1. Universo

A poboación obxecto do estudo está constituída polas enxeñeiras técnicas/diplomadas e enxeñeiros técnicos/diplomados en informática correspondentes aos cursos académicos comprendidos entre 1990-1991 e 2005-2006 nas especialidades de xestión e sistemas.


Algúns individuos do universo posúen os títulos de diplomado e licenciado ou ben os de enxeñeiro técnico e enxeñeiro. Os titulados que posúen dous títulos contestan a enquisa só facendo referencia ao título de ciclo longo: "licenciatura en informática ou enxeñaría en informática".

Táboa.4.1.1. Poboación

<b>Enxeñaría \ Universidade</b>	<b>UDC</b>	<b>UVI</b>	<b>USC</b>	<b>Total</b>
<b>Enxeñaría técnica en informática</b>	1207	707	6	<b>1920</b>
<b>Diplomatura en informática</b>				

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia correspondentes aos cursos académicos comprendidos entre 1990-1991 e 2005-2006 (n=1920).  
Fonte: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Figura.4.1.1. Distribución da poboación por ano de finalización dos estudos



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia correspondentes aos cursos académicos comprendidos entre 1990-1991 e 2005-2006 (n=1920).  
Fonte: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

### IV.2. Deseño mostral

Tipo de mostraxe: Realizouse unha mostraxe aleatoria estratificada, onde os estratos están formados polo tipo de título (enxeñaría en informática e enxeñaría técnica en informática) e pola universidade (Universidade da Coruña (UDC), Universidade de Vigo (UVI) e Universidade de Santiago de Compostela(USC)).

Tamaño da mostra: A mostra consta de 284 enquisas obtidas para o título de enxeñaría técnica en informática. Calculouse para a estimación de parámetros de proporción na poboación, cun erro máximo de mostraxe global do 5,36%.

Táboa.4.2.1. Mostra

<b>Enxeñaría \ Universidade</b>	<b>UDC</b>	<b>UVI</b>	<b>USC</b>	<b>Total</b>
<b>Enxeñaría técnica en informática Diplomatura en informática</b>	162	120	2	<b>284</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Táboa.4.2.2. Mostra por sexo

<b>Enxeñaría \ Universidade</b>	<b>UDC</b>		<b>USC</b>		<b>UVI</b>		<b>Total</b>
	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>	
<b>Enxeñaría técnica en informática Diplomatura en informática</b>	118	44	2	0	71	49	<b>284</b>
<b>Total</b>	162		2		120		<b>284</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Unidade de mostraxe/unidade informante: A unidade de mostraxe e a unidade informante son a mesma, cada un dos titulados no SUG en enxeñaría técnica/diplomatura en informática. A listaxe de titulados en enxeñaría técnica/diplomatura en informática foi proporcionada pola Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías da Universidade da Coruña, a Vicerreitoría de Calidade e Planificación da Universidade de Santiago de Compostela e a Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade da Universidade de Vigo.

### IV.3. Ámbito xeográfico

Non existe un ámbito xeográfico propio, xa que as enquisas realizáronse ás enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que cursaron as súas respectivas enxeñarías no Sistema Universitario de Galicia (SUG) e non necesariamente son residentes en Galicia.

### IV.4. Recollida da información

A recollida da información realizouse mediante entrevista telefónica, tendo o cuestionario unha duración media aproximada de 15 minutos.

### IV.5. Cuestionario

O cuestionario atópase estruturado en once bloques correspondentes ás seguintes temáticas.

No bloque 1 analízanse as características sociodemográficas dos titulados en enxeñaría técnica en informática, para a continuación no bloque 2 estudar a súa formación universitaria e complementaria posterior. Do bloque 3 ao bloque 9 estúdanse distintos aspectos relacionados coa situación laboral, e continúaase co bloque 10 realizando un diagnóstico da profesión. Remata o cuestionario co bloque 11 onde se analizan as distintas relacións dos titulados en enxeñaría técnica en informática coas distintas organizacións: CPEIG, CPETIG e AEIG. Os ítems correspondentes ao cuestionario poden consultarse no Anexo II.

## VI.6. Realización do traballo de campo

O traballo de campo foi realizado por “Proxectos, Consultoría e Formación”, desenvolvéndose dende o 26 de setembro ata o 30 de outubro de 2008.

## CAPÍTULO V

Resultados:

Enxeñaría Técnica en Informática

## V. Resultados: Enxeñaría Técnica en Informática

Os resultados que a continuación presentamos corresponden ao título de enxeñaría técnica en informática, englobando os títulos de diplomatura en informática, enxeñaría técnica en informática de xestión e enxeñaría técnica en informática de sistemas.<sup>3</sup> Ditos resultados aparecen estruturados en cinco apartados: datos clasificatorios, formación, situación laboral, diagnóstico da profesión e relación con organizacións (colexios ou asociacións).

Ao longo de todo este capítulo presentamos graficamente a porcentaxe que representan as especialidades de xestión e sistemas sobre o total, representando coa categoría "Dip./ETI" aquelas enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que non consideraron ter cursado un dos anteriores títulos mencionados, ben sexa porque pertencen á anterior diplomatura en informática ou simplemente porque non contestaron á especialidade cursada, a pesar de estudar unha enxeñaría técnica en informática.

En relación aos resultados desagregados por sexo, estes refírense ás porcentaxes de homes e mulleres da enxeñaría técnica en informática, non se tiveron en conta as respectivas especialidades do título.

Táboa.5.1. Distribución da mostra por especialidades

Especialidades	Homes	Mulleres	Total
<b>Xestión</b>	125	72	197
<b>Sistemas</b>	46	10	56
<b>Dip./ETI<sup>4</sup></b>	20	11	31
<b>Total</b>	191	93	<b>284</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Actualmente o título de diplomado/a en informática está extinguido, impartíndose o título de enxeñeira e enxeñeiro técnico en informática dividido en dúas especialidades, que constitúen dous títulos independentes: enxeñaría técnica en informática de sistemas e enxeñaría técnica en informática de xestión.

A enxeñaría técnica en informática de xestión impártese dende o curso académico 1990/1991 na Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo (campus de Ourense), antiga Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión, e dende o curso académico 1994/1995 na Facultade de Informática da Universidade da Coruña (campus de Coruña).

A enxeñaría técnica en informática de sistemas impártese dende o curso académico 1994/1995 na Facultade de Informática da Universidade da Coruña (campus de Coruña) e dende o curso académico 2003/2004 na Escola Técnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago de Compostela (campus de Santiago).

Segundo datos recollidos da información sobre o título e sobre a lexislación relativa ás atribucións profesionais das enxeñarías técnicas (Lei 12/86), as principais funcións da profesión de enxeñaría técnica en informática son as seguintes dentro de cada unha das dúas especialidades, informática de sistemas e informática de xestión: a redacción e firma de proxectos que teñan por obxecto a construción, reforma, reparación, conservación, demolición, fabricación, instalación, montaxe ou explotación de bens mobles e inmobles, nos seus respectivos casos, tanto con carácter principal como accesorio, sempre que queden comprendidos pola súa natureza e características na técnica propia de cada titulación; a

<sup>3</sup> Os titulados que posúen dous títulos, e un deles é un título de ciclo longo, contestan á enquisa só facendo referencia ao título de ciclo longo: "licenciatura en informática ou enxeñaría en informática". Eses resultados pertencen ao "Tomo I, Capítulo II: Resultados: Enxeñaría en Informática".

<sup>4</sup> Na categoría "Dip./ETI" englobamos aqueles casos que cursaron a diplomatura de informática ou cursaron o título de enxeñaría técnica en informática pero non especificaron a especialidade.



dirección das actividades obxecto dos proxectos á que se refire o punto anterior, incluso cando os proxectos fosen elaborados por un terceiro; a realización de medicións, cálculos, valoracións, taxacións, peritaxes, estudos, informes, planos de labores ou traballos análogos; o exercicio da docencia nos seus diversos graos nos casos e termos previstos na normativa correspondente; a dirección de toda clase de industrias ou explotacións e o exercicio, en xeral respecto delas, das actividades ás que se refiren os puntos anteriores.

Os sectores empresariais que máis demandan estes titulados son: entidades financeiras, empresas industriais e de servizos, entidades con departamentos de investigación e desenvolvemento, centros de cálculo, centros de deseño industrial, departamentos de informática e de planificación, e entidades dedicadas ao desenvolvemento tecnolóxico.<sup>5</sup>

Por outra parte, existe a constatación (páx. 152 Libro Blanco<sup>6</sup> do grao en enxeñaría en informática) de que nin o mercado nin as propias universidades conseguiron discernir claramente as diferenzas profesionais e formativas entre as enxeñarías técnicas en informática e a enxeñaría en informática, debido á evolución constante da informática e os cambios profesionais rexistrados. Atopándose así un mercado no que se demanda para o exercicio da actividade profesional relativa a calquer campo da enxeñaría en informática por parte das empresas indistintamente a enxeñeiras e enxeñeiros técnicos de calqueira especialidade ou enxeñeiras e enxeñeiros en informática.

## V.1. Datos clasificatorios


Neste apartado analizamos algunhas características sociodemográficas das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática como son a distribución da mostra por centro onde cursaron a enxeñaría técnica en informática, a distribución da mostra por sexo, a distribución da mostra por idade e as posibles vinculacións con Galicia.

### V.1.1. Distribución por universidade

O 57,0% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática cursaron os seus estudos na Universidade da Coruña fronte a un 42,3% da Universidade de Vigo e un 0,7% da Universidade de Santiago de Compostela. Estas porcentaxes mostran a escasa representatividade da mostra pertencente á Universidade de Santiago de Compostela, isto é debido principalmente a que a enxeñaría técnica en informática impartida en dita universidade só contempla unha especialidade (sistemas) e a súa primeira promoción correspóndese ao curso académico 2005/2006 cunha poboación de apenas seis enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática. Consecuencia directa dos títulos impartidos nas outras universidades, dous na UDC (xestión e sistemas) e un na UVI (xestión), é a diferenza de 14,7 puntos porcentuais que existen entre elas. Tamén apreciamos unha interesante representatividade do grupo correspondente a Dip./ETI na Universidade da Coruña, debido á antigüidade da UDC na implantación de estudos universitarios de informática.

<sup>5</sup> Datos obtidos das páxinas web [www.fic.udc.es](http://www.fic.udc.es) e [www.ei.uvigo.es](http://www.ei.uvigo.es)  
<sup>6</sup> [http://www.informatica.us.es/planes\\_estudio/recursos/Libro-Blanco-ANECA.pdf](http://www.informatica.us.es/planes_estudio/recursos/Libro-Blanco-ANECA.pdf)

Figura.5.1.1.1. Distribución da mostra por universidade




Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

### V.1.2. Características sociodemográficas


A porcentaxe de enxeñeiras técnicas informáticas é 35 puntos porcentuais inferior ca de enxeñeiros técnicos informáticos tal e como ocorre na maioría das enxeñarías. Este dato está en consonancia cos datos obtidos nos últimos estudos de inserción laboral da ACSUG<sup>7</sup>, para a rama de coñecemento<sup>8</sup> onde se encadra este título, Enxeñaría e Arquitectura (2005-2006: 58,9% homes, 41,1% mulleres; 2003-2005: 60% homes e 40% mulleres e 2001-2003: 59% homes e 41% mulleres). Non obstante, acentúase a inferior representatividade das mulleres na enxeñaría técnica en informática con respecto ao global da súa rama de coñecemento, diminuíndo aproximadamente 8 puntos porcentuais.

Figura.5.1.2.1. Distribución da mostra por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Figura.5.1.2.2. Distribución dos titulados do SUG por sexo



Base: Titulados do SUG no curso académico 2005-2006 (n=10280).  
 Fonte: ACSUG. Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006.

Nos últimos anos incrementouse a incorporación da muller ás ensinanzas universitarias pertencentes á rama de Enxeñaría e Arquitectura, pero segue existindo unha diferenza moi significativa con respecto ás outras ramas de coñecemento. De feito, a porcentaxe de mulleres tituladas do SUG é dun 66,9% (representando un incremento de 34,2 puntos porcentuais con respecto ás enxeñeiras técnicas informáticas) fronte ao 33,1% de homes titulados do SUG

7 "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006". ACSUG (2009).

"Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2003-2005". ACSUG (2008).

"Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2001-2003". ACSUG (2006).


8 Segundo o RD 1393/2007 existen cinco ramas de coñecemento: Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias da Saúde, Ciencias, Ciencias Sociais e Xurídicas e Artes e Humanidades onde están encadrados os diferentes títulos do Sistema Universitario de Galicia.

(representando un decrecemento de 34,2 puntos porcentuais con respecto os enxeñeiros técnicos informáticos) segundo os datos extraídos do estudo da ACSUG<sup>9</sup>.

A idade das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática está comprendida maioritariamente entre os 26 e 38 anos, representando un 80,0% do total. Existen diferenzas significativas por sexo, xa que as mulleres presentan un incremento de 10 puntos porcentuais no intervalo correspondente entre 30 e 34 anos, observándose por iso un período de tempo onde se produce un incremento de mulleres que acceden á enxeñaría técnica en informática. A pesar das diferenzas existentes por sexo nos distintos intervalos, a idade media é de 31 anos, tanto para os homes coma as mulleres e apenas un 8,0% da mostra son maiores de 38 anos, o que indica un baixo número de matriculados nos primeiros anos do título pertencentes principalmente á diplomatura en informática.


A pertenza a un grupo de idade de xente xove non sorprende debido ao reducido período de tempo que leva a enxeñaría técnica en informática impartíndose en Galicia, dezanove anos na UDC, dezasete na UVI e cinco anos na USC, fronte as primeiras enxeñarías en informática creadas a nivel estatal no ano 1976 na Universidade Politécnica de Madrid (UPM), a Universidade Politécnica de Cataluña (UPC) e a Universidade do País Vasco<sup>10</sup>(UPV). Isto parece estar directamente relacionado co desenvolvemento industrial e económico desas comunidades.

Figura.5.1.2.3. Distribución por idade



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Figura.5.1.2.4. Distribución por idade e por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Respecto á súa distribución territorial, as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática residen preferentemente en Galicia, onde naceron e teñen familiares. Un 8,8% reside fóra de Galicia, pero principalmente en territorio estatal representando os residentes en Madrid un 4,6% desa porcentaxe. Parece lóxico que preferentemente o seu lugar de residencia sexa Galicia, xa que a maioría deles desenvolven o seu labor profesional na nosa comunidade. En concreto, un 83,6% traballa en Galicia e un 16,4% traballa fóra de Galicia, non habendo diferenzas significativas por sexo.


Resultados moi similares obtéñense no estudo da ACSUG<sup>11</sup> onde destaca que un 85,5% dos titulados do SUG traballan en Galicia, mentres preto dun 14% fano fóra de Galicia, pero dentro do territorio estatal.

<sup>9</sup> "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006". ACSUG (2009).

<sup>10</sup> Datos obtidos da páxina web: <http://www.fi.upm.es>; <http://www.informatika.ehu.es>; <http://www.upc.edu/es/>


<sup>11</sup> "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006". ACSUG (2009).

Figura.5.1.2.5. Vinculacións con Galicia



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.  
 As porcentaxes non suman o 100% xa que poden elixir máis dunha opción.

Figura.5.1.2.6. Vinculacións con Galicia por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.  
 As porcentaxes non suman o 100% xa que poden elixir máis dunha opción.

### **Conclusións do apartado:**

O perfil dos titulados en enxeñaría técnica en informática é un home, cunha media de idade de 31 anos, nado e con familiares en Galicia, que reside e desenvolve o seu labor profesional en Galicia.

## V.2. Formación

A formación adquirida polos titulados no seu paso pola universidade sentará as bases para o futuro desempeño do seu labor profesional de maneira eficaz e eficiente. Non obstante, nesta profesión que está en constante evolución, é necesario unha continua actualización e renovación de coñecementos adquirida na formación complementaria posterior.

Neste apartado estudamos dous tipos distintos de formación: a formación universitaria adquirida na enxeñaría técnica en informática e a formación complementaria posterior. Dentro da formación universitaria adquirida na enxeñaría técnica, inicialmente contextualizamos as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática polo ano de remate do título, a súa idade media ao remate do título e a posibilidade de posuír máis dun título. Posteriormente analizamos a percepción das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática en relación coa formación recibida na universidade, a satisfacción coa enxeñaría técnica estudada e a principal


motivación para estudar a enxeñaría técnica, así como a necesidade de obter máis información sobre a busca de emprego na universidade. Respecto á formación complementaria posterior, estudamos que tipo de formación demandan as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática despois de rematar a enxeñaría técnica, os medios empregados para acceder a ela, a temática principal así como a súa principal motivación e a utilidade da formación complementaria adquirida.

### V.2.1. Formación universitaria adquirida no título

Á hora de analizar o ano en que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática finalizaron a enxeñaría técnica, consideramos oportuno presentar os resultados correspondentes tanto para a mostra coma para a poboación, para así demostrar a fiabilidade obtida a partir da mostra. Evidentemente, as conclusións que obtemos en ambos os dous casos son as mesmas.

Respecto á distribución da poboación de enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática por ano de finalización da enxeñaría técnica, obsérvase un constante crecemento da poboación de titulados, presentándose os picos máis altos nos anos 1997, 2003 e 2005. Tendo en conta, o ano de remate da enxeñaría técnica e a idade, obtivemos a correspondente idade media na que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática rematan a enxeñaría técnica, sendo de 24 anos (tanto para os homes coma as mulleres). Como consecuencia, podemos concluír que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos rematan a enxeñaría técnica aproximadamente nunha media de seis anos<sup>12</sup>.

Figura.5.2.1.1. Poboación das promocións de enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática




Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=1920).  
Fonte: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Tal e como se aprecia na gráfica da poboación, obtemos as mesmas conclusións para a mostra: incremento de titulados a medida que transcorren os anos. Pero, no caso da mostra tamén temos outra conclusión importante, que é a ausencia da categoría Dip./ETI a partir do ano 2000, como consecuencia de estar en extinción a diplomatura en informática e xa implantados os títulos de enxeñaría técnica en informática de xestión e enxeñaría técnica en informática de sistemas.

<sup>12</sup> Os titulados que posúen dous títulos, e un deles é un título de ciclo longo, contestan á enquisa só facendo referencia ao título de ciclo longo: "licenciatura en informática ou enxeñaría en informática". Eses resultados pertencen ao "Tomo I, Capítulo II: Resultados: Enxeñaría en Informática".


Figura.5.2.1.2. Mostra das promocións de enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Non se aprecian diferenzas significativas na desagregación por sexo, producíndose un incremento por igual nos mesmos anos independentemente do sexo. Novamente queda reflexada a menor representatividade das enxeñeiras técnicas informáticas na enxeñaría técnica en informática fronte ás enxeñeiras e enxeñeiros técnicos informáticos.

Figura.5.2.1.3. Mostra das promocións de enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.


Os titulados en enxeñaría en informática e enxeñaría técnica en informática posúen un dobre título, cando se atopan en calquera das seguintes situacións:

- ➡ Licenciado/a en informática e diplomado/a en informática
- ➡ Licenciado/a en informática e enxeñeiro/a en informática
- ➡ Licenciado/a en informática e enxeñeiro/a técnico/a en informática
- ➡ Enxeñeiro/a en informática e diplomado/a en informática
- ➡ Enxeñeiro/a en informática e enxeñeiro/a técnico/a en informática
- ➡ Diplomado/a en informática e enxeñeiro/a técnico/a en informática
- ➡ Enxeñeiro/a técnico/a en informática pero con dúas especialidades: sistemas e xestión

No caso das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática, que non posúen título de ciclo longo, consideraremos neste estudo que teñen un dobre título se están nas dúas últimas situacións<sup>13</sup>. Existe unha porcentaxe moi baixa que posúe un dobre título, tan só un 3,2% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática.


Respecto á desagregación por sexo, a porcentaxe de homes que posúen un dobre título é 3,1 puntos porcentuais superior á das mulleres.

Figura.5.2.1.4. Posúe un dobre título



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Figura.5.2.1.5. Posúe un dobre título por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

A maioría das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática, un 77,1%, volverían a estudar a mesma enxeñaría técnica en informática, o que demostra unha gran satisfacción coa enxeñaría técnica en informática estudada.


Isto resulta moi positivo comparado cos resultados obtidos noutros estudos<sup>14</sup>. No caso dos titulados do SUG obtemos que un 61,0% voltaría estudar o mesmo título, pero a nivel estatal os titulados aínda resultan ser máis pesimistas, xa que tan só un 50,0% afirman que volverían estudar o mesmo título na mesma universidade. Con respecto ao estudo de AQU Catalunya<sup>15</sup>, un 61,88% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de xestión e un 70,89% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de sistemas volverían estudar o mesmo título.

13 Os titulados que posúen dous títulos, e un deles é un título de ciclo longo, contestan á enquisa só facendo referencia ao título de ciclo longo: "licenciatura en informática ou enxeñaría en informática". Eses resultados pertencen ao "Tomo I, Capítulo II: Resultados: Enxeñaría en Informática".

14 "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006". ACSUG (2009).  
"Resumo executivo: Programa Reflex (ANECA)".

15 No caso das comparacións con AQU Catalunya faise referencia aos títulos de enxeñaría técnica en informática de xestión e sistemas:  
"Resultados de la encuesta de inserción laboral 2008: ingeniería técnica informática de gestión e ingeniería técnica informática de sistemas. Promoción 2004 (AQU Catalunya). Neste estudo participaron as seguintes universidades que posúen o título de enxeñaría técnica en informática: Universitat de Barcelona, Universitat Autònoma de Barcelona, Universitat Politècnica de Catalunya, Universidad Pompeu Fabra, Universitat de Girona, Universitat de Lleida e a Universitat Rovira I Virgili.


Figura.5.2.1.6. Cursarían a mesma enxeñaría técnica en informática



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Tanto os homes coma as mulleres están moi satisfeitos coa enxeñaría técnica en informática estudada. Unha baixa porcentaxe do 13,0% cursaría outro título universitario diferente, sendo as mulleres as que máis se decantan por esta opción, 10 puntos porcentuais máis que os homes.

Figura.5.2.1.7. Cursarían a mesma enxeñaría técnica en informática por sexo




Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Os motivos principais polos que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática estudan a enxeñaría técnica en informática son a *vocación* (51,7%) e as *saídas laborais* (42,3%).

A opinión das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática é independente da especialidade cursada.




Figura.5.2.1.8. Motivo principal para estudar enxeñaría técnica en informática



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Destaca a diferente motivación dos homes fronte as mulleres para cursar estes estudos universitarios. Por un lado, os homes consideran que a súa motivación principal para cursar estes estudos son a *vocación* (59,2%) e, por outro lado, as mulleres destacan como motivación principal as *saídas laborais* (54,8%).

Figura.5.2.1.9. Motivo principal para estudar enxeñaría técnica en informática por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Pedíuselles ás enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que valorasen distintos aspectos relacionados cos estudos cursados como son a *formación teórica*, a *formación práctica* e a *adecuación entre os coñecementos técnicos e as esixencias profesionais*. Neste caso valoraron moi positivamente a *formación teórica recibida* (un 80,0%), mentres que non están de todo satisfeitos coa *formación práctica* e coa *adecuación entre os coñecementos técnicos e as esixencias profesionais*, que consideran case a metade deles regular.

Táboa.5.2.1.3. Valoración de distintos aspectos relacionados cos estudos cursados

		Homes	Mulleres	Total
<b>Formación teórica</b>	<b>Moi ben</b>	8,9%	7,5%	8,5%
	<b>Ben</b>	73,3%	67,7%	71,5%
	<b>Regular</b>	12,6%	18,3%	14,4%
	<b>Mal</b>	4,2%	3,2%	3,9%
	<b>Moi mal</b>	1,0%	3,2%	1,7%
	<b>NS/NC</b>	0,0%	0,0%	0,0%
	<b>Valoración Media</b>	<b>3,85</b>	<b>3,73</b>	<b>3,81</b>
<b>Formación práctica</b>	<b>Moi ben</b>	4,7%	3,2%	4,2%
	<b>Ben</b>	27,2%	21,5%	25,4%
	<b>Regular</b>	42,9%	48,4%	44,7%
	<b>Mal</b>	20,9%	18,3%	20,1%
	<b>Moi mal</b>	4,3%	8,6%	5,6%
	<b>NS/NC</b>	0,0%	0,0%	0,0%
	<b>Valoración Media</b>	<b>3,07</b>	<b>2,92</b>	<b>3,02</b>
<b>Adecuación entre os coñecementos técnicos e as esixencias profesionais</b>	<b>Moi ben</b>	2,6%	1,1%	2,1%
	<b>Ben</b>	24,1%	17,2%	21,8%
	<b>Regular</b>	41,9%	48,4%	44,0%
	<b>Mal</b>	23,0%	14,0%	20,1%
	<b>Moi mal</b>	8,4%	14,0%	10,2%
	<b>NS/NC</b>	0,0%	5,4%	1,8%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,90</b>	<b>2,76</b>	<b>2,85</b>


Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Escala de valoración dende 1: Moi mal ata 5: Moi ben.

Respecto ás valoracións medias nos anteriores ítems comentados, o ítem que obtem unha valoración media máis positiva é a *formación teórica* (3,81), seguido dos correspondentes á *formación práctica* (3,02) e á *adecuación entre os coñecementos adquiridos e as esixencias profesionais* (2,85).

Figura.5.2.1.10. Valoración media de distintos aspectos relacionados cos estudos cursados por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Escala de valoración dende 1: Moi mal ata 5: Moi ben.

As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática considéranse moi/bastante satisfeitos coa formación recibida na universidade (73,3%). Non se presentan diferenzas significativas por sexo, polo que o grao de satisfacción é moi alto, tanto para os homes como para as mulleres.

Táboa.5.2.1.1. Satisfacción coa formación recibida na universidade

	Homes	Mulleres	Total
<b>Moi satisfeito</b>	14,7%	6,5%	12,0%
<b>Bastante satisfeito</b>	60,2%	63,4%	61,3%
<b>Pouco satisfeito</b>	22,0%	25,8%	23,2%
<b>Nada satisfeito</b>	2,1%	4,3%	2,8%
<b>NS/NC</b>	1,0%	0,0%	0,7%
<b>Valoración Media</b>	<b>2,87</b>	<b>2,72</b>	<b>2,82</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Escala de valoración dende 1: Nada satisfeito ata 4: Moi satisfeito.

En canto á necesidade de recibir máis información sobre a busca de emprego dentro da propia universidade as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática consideran que sería moi/bastante necesario (85,9%) recibir máis información.

Táboa.5.2.1.2. Necesidade de recibir máis información sobre a busca de emprego dentro da propia universidade

	Homes	Mulleres	Total
<b>Moi necesario</b>	33,0%	45,0%	37,0%
<b>Bastante necesario</b>	52,9%	40,9%	48,9%
<b>Pouco necesario</b>	10,5%	10,8%	10,6%
<b>Nada necesario</b>	2,6%	1,1%	2,1%
<b>NS/NC</b>	1,0%	2,2%	1,4%
<b>Valoración Media</b>	<b>3,17</b>	<b>3,33</b>	<b>3,23</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Escala de valoración dende 1: Nada necesario ata 4: Moi necesario.

### **Conclusións do apartado:**

As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática enquisados son titulados correspondentes ao período de tempo comprendido entre 1991 e 2006, existindo un constante crecemento da poboación de titulados en dito período.

A súa idade media ao remate do título é de 24 anos, polo que tardan aproximadamente unha media de seis anos en estudar a enxeñaría técnica en informática.

Un 3,2% posúe un dobre título<sup>16</sup> en enxeñaría técnica en informática que pode ser: diplomado/a ou enxeñeiro/a técnico/a. Destacan en estudos con dobre título os homes fronte as mulleres.

<sup>16</sup> Os titulados que posúen dous títulos, e un deles é un título de ciclo longo, contestan á enquisa só facendo referencia ao título de ciclo longo: "licenciatura en informática ou enxeñaría en informática". Eses resultados pertencen ao "Tomo I, Capítulo II: Resultados: Enxeñaría en Informática".

Voltarían cursar a enxeñaría técnica en informática estudada tanto os homes coma as mulleres, sendo a principal motivación para estudala *a vocación* para eles e *as saídas laborais* para elas.

Considéranse moi/bastante satisfeitos coa formación recibida na universidade, valorando máis favorablemente *a formación teórica* fronte outro tipo de formación: *práctica e a adecuación entre os coñecementos técnicos e as esixencias profesionais*.

Gustaríalles recibir máis información sobre a busca de emprego dentro da propia universidade.

## V.2.2. Formación complementaria posterior ao remate do título


As principais funcións da formación complementaria son a ampliación de coñecementos e a adquisición de coñecementos novos non adquiridos previamente na universidade. Moitos dos traballos relacionados coa informática son multidisciplinares, requirindo por iso dunha axeitada "mestura" de coñecementos e habilidades informáticas e doutras disciplinas.

Existen principalmente dous xeitos de ampliaren eses coñecementos, por unha banda continuando estudos universitarios (estudos de 3.º ciclo, másteres ou incluso outros títulos universitarios) ou ben continuando estudos non relacionados coa universidade como poden ser as certificacións profesionais que recoñecen un tipo e nivel de coñecementos determinados (Microsoft, Sun, Oracle, Cisco, etc...).

Respecto á formación complementaria unha vez rematada a enxeñaría técnica en informática, un 7,0% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática realiza algún máster. Estes datos son 10,4 puntos porcentuais máis baixos que os obtidos polo estudo da ACSUG<sup>17</sup>, xa que as porcentaxes de titulados do SUG que realizaban ditos estudos é un 17,4%. Un 10,6% cursan outros títulos, onde probablemente están contemplados aquelas enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que deciden estudar enxeñaría en informática e un 11,6% acadan certificacións profesionais.


Resulta destacable respecto da desagregación por sexo, que son as mulleres preferentemente as que estudan outros títulos, fronte aos homes que se decantan máis polas certificacións profesionais.

Figura.5.2.2.1. Formación complementaria



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.  
 As porcentaxes non suman 100% xa que poden elixir máis dunha opción.

Figura.5.2.2.2. Formación complementaria por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.  
 As porcentaxes non suman 100% xa que poden elixir máis dunha opción.

Un 52,8% (homes 52,9% e mulleres 52,7%) realizou outra formación complementaria diferente da anteriormente mencionada.

17 "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006". ACSUG (2009).

Os tres principais medios de acceso a esa formación foron: a empresa, a formación obtida a través dos cursos e seminarios organizados polas escolas/facultades de enxeñaría en informática e cursos e seminarios organizados a través de institucións públicas.

Táboa.5.2.2.1. Medios de obtención da formación complementaria

	Homes	Mulleres	Total
<b>Formación a cargo da empresa</b>	44,6%	29,3%	39,7%
<b>Autoaprendizaxe</b>	27,3%	27,6%	27,4%
<b>Cursos e seminarios organizados polo CPEIG/CPETIG e a AEIG</b>	0,8%	1,7%	1,1%
<b>Cursos e seminarios organizados polas escolas/facultades de enxeñaría en informática</b>	34,7%	29,3%	33,0%
<b>Formación obtida a través da universidade</b>	19,0%	27,6%	21,8%
<b>Cursos e seminarios organizados por institucións privadas</b>	31,4%	27,6%	30,2%
<b>Cursos e seminarios organizados por institucións públicas</b>	28,1%	41,4%	32,4%
<b>De ningunha forma, só coa actividade diaria</b>	0,0%	0,0%	0,0%

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que realizaron formación complementaria ao título (n=179).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

As porcentaxes non suman 100% xa que poden elixir máis dunha opción.

O principal motivo para seguir estudando é a posibilidade de que *facilite a procura ou mellora de emprego* seguido das *carencias na formación previa*. Comparando cos estudos da ACSUG<sup>18</sup>, coinciden os resultados, xa que os titulados do SUG destacan como motivo principal para realizar estudos de posgrao tamén a *procura/mellora de emprego*.

Táboa.5.2.2.2. Motivos para continuar estudando

	Homes	Mulleres	Total
<b>Facilitar a procura/mellora de emprego</b>	31,1%	32,8%	31,6%
<b>Por desenvolvemento ou promoción laboral</b>	24,4%	29,3%	26,0%
<b>Corrixir carencias na formación previa</b>	32,8%	22,4%	29,4%
<b>Outras razóns</b>	11,7%	15,5%	13,0%

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que realizaron formación complementaria ao título (n=177).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

As ferramentas ou aplicacións específicas, seguidas polos coñecementos de idiomas son a temática principal da formación complementaria, determinantes en moitos casos para desenvolver eficientemente o traballo desempeñado e consecuencia directa da constante evolución en que se atopan as tecnoloxías da información e comunicación. Destacan en maior medida os homes fronte as mulleres.

18 "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006". ACSUG (2009).

Táboa.5.2.2.3. Temática da formación complementaria

	Homes	Mulleres	Total
<b>Idiomas</b>	19,0%	24,1%	20,7%
<b>Temas legais</b>	4,1%	3,4%	3,9%
<b>Formación en dirección/empresa</b>	9,1%	6,9%	8,4%
<b>Ferramentas ou aplicacións específicas</b>	85,1%	72,4%	81,0%
<b>Outros</b>	15,7%	29,3%	20,1%

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que realizaron formación complementaria ao título (n=179).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

As porcentaxes non suman 100% xa que poden elixir máis dunha opción.

Un 49,7% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática consideran que a formación complementaria foi de bastante/moita utilidade, aínda así existe unha porcentaxe considerable de enquisados que non valoraron a formación complementaria, un 38,6%. Non existen diferenzas significativas por sexo.

Táboa.5.2.2.4. Utilidade da formación complementaria

	Homes	Mulleres	Total
<b>Moita utilidade</b>	22,9%	19,6%	21,8%
<b>Bastante utilidade</b>	57,6%	62,5%	59,2%
<b>Pouca utilidade</b>	18,6%	10,7%	16,1%
<b>Ningunha utilidade</b>	0,8%	7,1%	2,9%
<b>Valoración Media</b>	<b>3,03</b>	<b>2,95</b>	<b>3,00</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que recibiron formación complementaria (n=174).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Escala de valoración dende 1: Ningunha utilidade ata 4: Moita utilidade.

### **Conclusións do apartado:**

Respecto á formación complementaria posterior ao remate da enxeñaría técnica en informática relacionada coa universidade, un 7,0% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática realizan algún máster. Un 10,6% cursan outros títulos universitarios, onde probablemente están contemplados aquelas enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que deciden estudar enxeñaría en informática e un 11,6% acadan certificacións profesionais.

O principal medio de obtención da formación complementaria non relacionada coa universidade é a *formación a cargo da empresa* cunha porcentaxe do 39,7%, sendo a principal razón para realizar dita formación a de *facilitar a procura/mellora de emprego*. Un 81,0% realiza cursos sobre *ferramentas ou aplicacións específicas*, destacando en maior medida os homes fronte as mulleres.

Un 81,0% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática consideran que dita formación foi de moita/bastante utilidade.

## V.3. Situación laboral

Neste apartado analizamos a situación laboral das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática.

O apartado comenza describindo diversos aspectos das características da situación laboral das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática: situación laboral (traballo por conta propia, traballo por conta allea, en paro, xubilado/a-prexubilado/a<sup>19</sup>, en busca do primeiro emprego, bolseiro/a de investigación e estudante, considerando tamén dentro do grupo de estudantes aqueles que están a preparar oposicións), cando comenzou a traballar, se foi antes ou despois de rematar a enxeñaría técnica en informática, tempo que lle levou atopar o primeiro emprego e o número de empresas nas que traballou ao longo de toda a súa traxectoria profesional.

Posteriormente analizamos con detalle as seguintes categorías da situación laboral: traballo por conta propia, traballo por conta allea considerando o sector público e o sector privado, en busca do primeiro emprego e se está actualmente no paro.

### V.3.1. Características da situación laboral

Un 86,2% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática están traballando, fronte a un 13,8% que se atopa nas outras categorías obxecto de estudo (en paro, en busca do primeiro emprego, estudante e bolseiro/a).

Resulta unha porcentaxe moi favorable comparada cos resultados obtidos para a enxeñaría técnica en informática na ACSUG<sup>20</sup>, onde un 66,9% dos titulados traballaban.

De maneira análoga ocorre coas porcentaxes obtidas para os titulados da súa rama de coñecemento<sup>21</sup>, Enxeñaría e Arquitectura, un 79,1% deles traballan, representando 7,1 puntos porcentuais menos.

Comparando con outros estudos como o publicado por AQU Catalunya<sup>22</sup> obtemos que a pesar de ter unha situación tan favorable, aínda temos unha porcentaxe máis baixa de titulados en enxeñaría técnica en informática traballando con respecto aos titulados nas enxeñarías técnicas en informática cataláns (enxeñaría técnica en informática de xestión: 93,37% e enxeñaría técnica en informática de sistemas: 95,68%). Algo similar ocorre coas enxeñarías técnicas de informática da Universidad del País Vasco (UPV)<sup>23</sup> onde traballan máis do 90% en ambas as dúas especialidades: xestión e sistemas.

A maioría das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos informáticos traballan por conta allea, representando un 82,7% do total (homes 85,9% e mulleres 76,3%). O resto de situacións presentan unhas porcentaxes moi inferiores, menos do 6,0% sendo as máis representativas ser "estudiante" e "estar no paro" cunhas porcentaxes de 6,0% e 4,6% respectivamente. Estas cifras aproxímanse ás acadadas no estudo da ACSUG<sup>24</sup>, onde figura que un 93,2% dos titulados do SUG traballa por conta allea. Non ocorre o mesmo con respecto ao traballo por conta propia, xa que no caso dos titulados do SUG obtense un 6,9% fronte ao 3,5% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática.

19 A idade maior obtida na mostra das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática é de 45 anos, polo que como cabría esperar a categoría de xubilado/a-prexubilado/a non obtén ningunha representación. Non representamos dita categoría porque non se obtivo ningunha mostra.

20 Datos non publicados correspondentes ao título de enxeñaría técnica en informática no SUG: titulados no curso académico 2005-2006. ACSUG (2009).


21 "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006". ACSUG (2009).

22 "Resultados de la encuesta de inserción laboral 2008: ingeniería técnica informática de gestión e ingeniería técnica informática de sistemas. Promoción 2004 (AQU Catalunya).

23 "Encuesta de inserción laboral: ingeniería en informática de sistemas e ingeniería en informática de gestión. Promoción 2004. Universidad del País Vasco".

24 "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006". ACSUG (2009).


Figura.5.3.1.1. Situación laboral



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

No caso da desagregación por sexo, destaca a diferenza existente entre os homes e as mulleres, xa que son estas, as que presentan unha porcentaxe maior de paradas e estudantes fronte aos parados e estudantes. Existe discriminación por sexo, xa que a porcentaxe de homes que traballan (89,0%) é superior á das mulleres (80,6%).

Figura.5.3.1.2. Situación laboral por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=191).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=93).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Preguntóuselles aos estudantes e bolseiros de investigación se tiveran con anterioridade algún traballo relacionado co título, obtendo que seis dos vinte e un enquisados si traballou con anterioridade e só un dos que non traballaron nunca buscou emprego.

Calculando a diferenza entre o ano que rematou o título<sup>25</sup> e o ano en que empezou a traballar en algo relacionado co título estudado, obtivemos as porcentaxes de enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que empezaron a traballar antes, o mesmo ano ou despois de rematar a enxeñaría técnica en informática.


Un 26,2% traballan antes de rematar o título, o que resulta unha cifra moi significativa, xa que representa que un de cada catro enxeñeiros técnicos en informática traballan en algo relacionado coa súa profesión antes de rematar o título. Un 35,1% empezaron a traballar o mesmo ano en que rematan o título e un 38,7% traballan despois de rematar o título.

25 Considerase rematada a enxeñaría técnica en informática, cando xa se ten entregado o proxecto.



Estes resultados poñen de manifesto a rapidez coa que os titulados en enxeñaría técnica en informática atopan traballo, xa que tres de cada cinco empezan a traballar antes ou o mesmo ano en que rematan o título.

Figura.5.3.1.3. Período no que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática empezaron a traballar en algo relacionado coa enxeñaría técnica en informática



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que xa tiveron o seu primeiro emprego (n=264).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Cando ás enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática se lles pregunta se traballaban en algo relacionado coa enxeñaría técnica en informática antes de rematar os estudos, contestan afirmativamente un 40,9% e negativamente un 56,8%. Dos que contestan afirmativamente, un 81,5% comenzo a traballar cando estaba cursando terceiro curso, en maior medida as mulleres fronte os homes.

Táboa.5.3.1.1. Curso no que estaba matriculado cando empezou a traballar

	Homes	Mulleres	Total
<b>Primeiro</b>	4,1%	2,9%	3,7%
<b>Segundo</b>	8,1%	5,9%	7,4%
<b>Terceiro</b>	79,7%	85,3%	81,5%
<b>Cuarto</b> <sup>26</sup>	0,0%	0,0%	0,0%
<b>Quinto</b> <sup>27</sup>	8,1%	5,9%	7,4%
<b>NS/NC</b>	0,0%	0,0%	0,0%

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que comenzaron a traballar antes de rematar os seus estudos en algo relacionado co seu título (n=108).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Un 72,9% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática atopan o primeiro emprego nos tres primeiros meses do inicio da busca, sendo o tempo medio no que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática tardan en atopar o primeiro emprego de 4,35 meses, coincidindo case co estudo da ACSUG<sup>28</sup>, onde o tempo medio que tarda un titulado do SUG en atopar un emprego é de pouco máis de cinco meses, variando en función das ramas de coñecemento, presentando a rama de Enxeñaría e Arquitectura, un tempo medio de 3,57 meses.


<sup>26</sup> Os resultados obtidos nestes dous cursos correspondense a enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que probablemente están a cursar a enxeñaría en informática, e tal e como se estableceu á hora de realizar a enquisa, en caso de ter máis dun título contestase polo título de ciclo longo. Entendendo como titulados os que remataron os estudos universitarios e fixeron o depósito do título.

<sup>27</sup> Os resultados obtidos nestes dous cursos correspondense a enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que probablemente están a cursar a enxeñaría en informática, e tal e como se estableceu á hora de realizar a enquisa, en caso de ter máis dun título contestase polo título de ciclo longo. Entendendo como titulados os que remataron os estudos universitarios e fixeron o depósito do título.

<sup>28</sup> "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006". ACSUG (2009).


Con respecto á desagregación por sexo, non existen apenas diferenzas significativas con respecto ao tempo medio en atopar o primeiro emprego. Os homes atopan o primeiro emprego antes que as mulleres, xa que un 9,0% delas tardan máis dun ano en atopar emprego.

Figura.5.3.1.4. Tempo que lle levou atopar o primeiro emprego



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que xa tiveron o seu primeiro emprego (n=264).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Figura.5.3.1.5. Tempo que lle levou atopar o primeiro emprego por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que xa tiveron o seu primeiro emprego (n=264).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Como consecuencia da gran demanda destes profesionais, as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática son capaces de cambiar de empresa ao longo da súa traxectoria profesional. Non obstante, o número medio de empresas nas que traballou en toda a súa traxectoria profesional non é moi elevado, obtendo unha media de 2,85. Resultado análogo foi o obtido no último estudo da ACSUG<sup>29</sup> onde o número medio de empresas nas que traballaron os titulados do SUG é de 2,02 e na rama de coñecemento, Enxeñaría e Arquitectura, a media está en 1,93.

Existen diferenzas significativas por sexo, atopando que son as mulleres as que máis mobilidade empresarial presentan. Un 19,7% das mulleres traballou en máis de cinco empresas, o que representa 10 puntos porcentuais máis que a porcentaxe de homes.

Táboa.5.3.1.2. Número de empresas nas que traballou en toda a súa traxectoria profesional

	Homes	Mulleres	Total
<b>1</b>	21,3%	25,6%	22,7%
<b>2</b>	27,5%	25,6%	26,9%
<b>3</b>	22,5%	19,8%	21,6%
<b>4</b>	18,0%	9,3%	15,2%
<b>5</b>	5,1%	14,0%	8,0%
<b>6</b>	0,6%	2,3%	1,1%
<b>7</b>	3,3%	1,2%	2,6%
<b>Máis de 7</b>	1,1%	2,2%	1,5%
<b>NS/NC</b>	0,6%	0,0%	0,4%
<b>Media</b>	<b>2,80</b>	<b>2,94</b>	<b>2,85</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que xa tiveron o seu primeiro emprego (n=264).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

29 "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006". ACSUG (2009).

A categoría de traballo por conta allea representa un 82,7% do total da situación laboral das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática e encóntrase dividida nas seguintes subcategorías :

- Traballo no sector público (21,8%): administración pública ou empresa pública.
- Traballo no sector privado (60,9%): sector TIC ou sector non relacionado coas TIC.

Táboa.5.3.1.3. Situación laboral das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática por sector onde traballan

			Homes	Mulleres	Total
<b>Conta allea</b>	Sector público	Administración pública/empresa pública	23,0%	19,3%	21,8%
	Sector privado: empresa privada	Sector TIC	43,5%	38,8%	42,2%
		Sector non TIC	17,9%	16,1%	16,9%
		NS/NC	1,5%	2,1%	1,8%
	<b>Total</b>	<b>Total</b>	<b>62,9%</b>	<b>57,0%</b>	<b>60,9%</b>
<b>Conta Propia</b>			<b>3,1%</b>	<b>4,3%</b>	<b>3,5%</b>
<b>Total</b>			<b>89,0%</b>	<b>80,6%</b>	<b>86,2%</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

As porcentaxes non suman o 100% porque non estamos representando o resto das situacións: estar en paro, en busca do primeiro emprego, bolseiro/a, estudante e xubilado/a-prexubilado/a.

### **Conclusións do apartado:**

A maioría das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática (86,2%) traballan, principalmente por conta allea. En situación de desemprego tan só atopamos un 6,4% (en paro e en busca do primeiro emprego), onde a pesar de ser unha porcentaxe tan pouco representativa seguen a ser as mulleres as que superan aos homes neste aspecto.

Aproximadamente un de cada catro titulados accede ao mercado laboral antes de rematar a enxeñaría técnica en informática, preferentemente en terceiro curso, afirmando que desempeñan un traballo relacionado co título estudado.

Un 72,9% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática atopan o primeiro emprego nos tres primeiros meses do inicio da búsqueda e en toda a súa traxectoria profesional levan traballando nunha media de 2,85 empresas diferentes. As mulleres presentan en maior medida mobilidade empresarial, xa que un 19,7% de mulleres traballou en máis de cinco empresas, o que representa 10 puntos porcentuais máis que a porcentaxe de homes.

As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática traballan preferentemente nunha empresa privada (60,9%) pertencente ao sector das tecnoloxías da información e comunicación (TIC).

#### **V.3.1.1. Traballo por conta propia**

Neste apartado estaba previsto analizar a situación profesional das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta propia. Estudando distintas características como son as sociedades, asalariados, número de traballadores/as que ten a empresa, situación laboral previa a ser empresario/a ou autónomo/a, tempo que leva exercendo

de empresario/a ou autónomo/a e recoller a opinión sobre a mellor maneira de traballar por conta propia.

Neste caso non podemos presentar os resultados obtidos debido á pouca representatividade da mostra, tan só 10 enquisados traballan por conta propia dunha mostra obtida de 284 enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática, o que representa un 3,5% do total<sup>30</sup>.

Facendo referencia aos datos obtidos no estudo da ACSUG<sup>31</sup>, obtívose que un 6,9% dos titulados do SUG traballan por conta propia e dentro das ramas de coñecemento, a segunda máis destacada neste aspecto é Enxeñaría e Arquitectura cun 8,5%, rama onde se encadrada a enxeñaría técnica en informática.

### V.3.1.2. Traballo por conta allea

Neste apartado analizamos a situación profesional das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea. Inicialmente analizamos distintas características do traballo por conta allea como son a xornada laboral, o tipo de contrato, o tipo de exercicio profesional, tipo de empresa e a distribución xeográfica. Posteriormente, desglosaremos os resultados en dous subapartados onde estudamos a situación laboral das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan:

- ➔ No sector público: administración pública ou empresa pública.
- ➔ No sector privado: sector TIC ou sector non relacionado coas TIC.

Dunha mostra de 284 enquisados obtívose que 235 correspóndense con enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea, o que representa un 82,7% do total.

#### V.3.1.2.1. Características do traballo por conta allea

##### V.3.1.2.1.1. Xornada laboral

Respecto á tipoloxía de xornada contemplamos dúas opcións:

- a tempo completo
- a tempo parcial.

A maioría das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea fano a tempo completo, representando un 96,2%. En todas as especialidades da enxeñaría técnica en informática predomina a xornada laboral a tempo completo, concluíndo que a xornada laboral é independente do título estudado na enxeñaría técnica en informática.

Este resultado encóntrase na mesma liña que os obtidos para as enxeñarías técnicas en informática cataláns<sup>32</sup>, presentando xornada laboral a tempo completo un 96,30% e 96,08% na enxeñaría técnica en informática de xestión e de sistemas, respectivamente. Con respecto aos titulados do SUG existe unha diferenza significativa segundo datos obtidos no estudo da ACSUG<sup>33</sup>, xa que os que traballan a tempo completo (tanto por conta propia como por conta allea) eran un 82,5%.


30 *Ademais da escasa representatividade dos resultados, debemos ter en conta "o artigo 24 da sección cuarta da Lei estatística de Galicia".*

31 *"Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006". ACSUG (2009).*

32 *"Resultados de la encuesta de inserción laboral 2008: ingeniería técnica informática de gestión e ingeniería técnica informática de sistemas. Promoción 2004" (AQU Catalunya).*

33 *"Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006". ACSUG (2009).*

Figura.5.3.1.2.1.1.1. Xornada laboral



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=235).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Segundo os datos publicados polo IGE<sup>34</sup>, “a proporción de mulleres (19,5%) traballadoras cunha xornada laboral a tempo parcial é maior que a de homes (4,4%)”. Este feito pódese observar timidamente no caso da enxeñaría técnica en informática, xa que obtemos que a proporción de mulleres con xornada parcial é maior que a de homes, cunha diferenza de 2,6 puntos porcentuais.

Figura.5.3.1.2.1.1.2. Xornada laboral por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=164).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=71).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

A media de anos nos que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática levan traballando por conta allea (considerando os que levan máis dun ano) é de 6,55 anos e no caso de que leve traballando menos dun ano é de 5,31 meses. Apenas un 5,5% da mostra leva traballando menos dun ano.

34 "Datos estadísticos básicos de Galicia 2008 (Fonte: INE. Encuesta de población activa).

Táboa.5.3.1.2.1.1.1. Tempo que leva traballando como asalariado/a

		Homes	Mulleres	Total
<b>Menos dun ano</b>	De 1 a 3 meses	0,6%	2,9%	1,3%
	De 4 a 6 meses	3,6%	1,4%	3,0%
	De 7 a 9 meses	1,2%	0,0%	0,8%
	De 10 a 12 meses	0,0%	0,0%	0,4%
	<b>Total</b>	<b>5,4%</b>	<b>4,3%</b>	<b>5,5%</b>
<b>De 1 a 3 anos</b>		33,1%	25,7%	30,8%
<b>De 4 a 6 anos</b>		24,7%	28,6%	25,7%
<b>De 7 a 9 anos</b>		22,9%	24,3%	23,2%
<b>De 10 a 12 anos</b>		9,6%	11,4%	10,1%
<b>Máis de 12 anos</b>		4,2%	5,7%	4,6%
<b>Total</b>		<b>94,6%</b>	<b>95,7%</b>	<b>94,5%</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=235).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

### V.3.1.2.1.2. Tipo de contrato

A estabilidade laboral das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea aparece reflexada na alta porcentaxe acadada polos contratos indefinidos ou fixos, obtendo que un 74,0% presentan un contrato indefinido ou fixo, fronte ao 11,5% dos contratos temporais. As distintas categorías de especialidades consideradas: xestión, sistemas e dip./eti coinciden en afirmar que o contrato maioritario das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática é o contrato indefinido ou fixo.


Moi diferente é a realidade do resto de titulados do SUG<sup>35</sup>, tan só o 41,0% dos que traballan por conta allea teñen un contrato indefinido.

Comparando cos resultados obtidos por AQU Catalunya<sup>36</sup>, obtemos que presentan un situación moi similar ás enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de xestión cataláns (76,69% con contrato fixo e 17,18% con contrato temporal), aínda que teñen unha porcentaxe máis alta de contratos fixos pero tamén nos temporais. Curiosamente, a pesar de ter unha porcentaxe de traballo máis elevada cas enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática en Galicia, a situación contractual das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de sistemas cataláns é peor, presentando un 68,94% de contratos fixos e un 19,88% de contratos temporais.

35 "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006". ACSUG (2009).

36 "Resultados de la encuesta de inserción laboral 2008: ingeniería técnica informática de xestión e ingeniería técnica informática de sistemas. Promoción 2004" (AQU Catalunya).


Figura.5.3.1.2.1.2.1. Tipo de contrato



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=235).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Na desagregación por sexo, a porcentaxe de mulleres con contrato indefinido ou fixo é 3 puntos porcentuais superior á dos homes.

Figura.5.3.1.2.1.2.2. Tipo de contrato por sexo




Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=164).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=71).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

### V.3.1.2.1.3. Tipo de exercicio profesional

O principal exercicio profesional que desempeñan as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática é a elaboración de proxectos informáticos representando un 55,7% do total, seguido da dirección de proxectos informáticos (19,6%) e a realización de estudos e informes (14,9%). Todas as especialidades da enxeñaría técnica en informática son unánimes na opinión de que o principal tipo de exercicio profesional é a elaboración de proxectos informáticos. Existe unha escasa representatividade na realización de ditames e peritaxes (2,1%), así como na dirección de proxectos de comunicación (3,4%) en ambos os dous sexos.


Figura.5.3.1.2.1.3.1. Tipos de exercicio profesional



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=235).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.  
 As porcentaxes non suman o 100% xa que poden elixir máis dunha opción.

Os postos de dirección seguen a reservarse para os homes, de feito existe unha diferenza significativa na *dirección de proxectos informáticos*, os homes representan un 20,7% fronte as mulleres que representan un 16,9% (3,8 puntos porcentuais menos). En xeral, as mulleres acadan unha menor representatividade na enquisa en todos os tipos considerados de exercicio profesional, presentándose as maiores diferenzas na *realización de estudos e informes* e na *elaboración de proxectos informáticos*, onde son superadas en máis de 10 puntos porcentuais polos homes.

Figura.5.3.1.2.1.3.2. Tipos de exercicio profesional por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=235).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.  
 As porcentaxes non suman o 100% xa que poden elixir máis dunha opción.

Os cinco principais perfís profesionais cos que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática se identifican son:

- *programador de sistemas informáticos* (20,7%)
- *analista de tecnoloxías da información* (13,9%)
- *analista de sistemas informáticos* (11,4%)
- *profesor/docente (educación secundaria obrigatoria, ciclos formativos, universitario, etc....)* (10,1%)
- *consultor tecnoloxías da información* (7,6%).



Non existen diferenzas significativas por sexo, simplemente se intercambian lixeiramente as porcentaxes nos distintos perfís profesionais.

Máis da metade das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática están moi de acordo en que *os proxectos informáticos sempre deberían ser asinados polo seu autor* (52,8%) e que *deberían ter atribucións para que soamente quen posúa o título poida asinar os proxectos informáticos* (65,9%).

Dita opinión é unánime tanto para os homes como para as mulleres, pois as valoracións medias son similares.

Táboa.5.3.1.2.1.3.1. Valoración das seguintes afirmacións

		Homes	Mulleres	Total
<b>Os proxectos informáticos sempre deberían ser asinados polo seu autor</b>	<b>Moi de acordo</b>	53,0%	52,1%	52,8%
	<b>Bastante de acordo</b>	39,7%	45,1%	41,3%
	<b>Pouco de acordo</b>	3,7%	1,4%	3,0%
	<b>Nada de acordo</b>	2,4%	1,4%	2,1%
	<b>NS/NC</b>	1,2%	0,0%	0,9%
	<b>Valoración Media</b>	<b>3,45</b>	<b>3,48</b>	<b>3,46</b>
<b>As enxeñeiras e enxeñeiros en informática e enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática deberían ter atribucións para que soamente quen posúa o título poida asinar os proxectos informáticos</b>	<b>Moi de acordo</b>	67,1%	63,4%	65,9%
	<b>Bastante de acordo</b>	26,8%	28,2%	27,2%
	<b>Pouco de acordo</b>	4,3%	4,2%	4,3%
	<b>Nada de acordo</b>	0,6%	2,8%	1,3%
	<b>NS/NC</b>	1,2%	1,4%	1,3%
	<b>Valoración Media</b>	<b>3,62</b>	<b>3,54</b>	<b>3,60</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=235).


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Escala de valoración dende 1: Nada de acordo ata 4: Moi de acordo.

Un 86,8% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática opinan que os proxectos informáticos deben de visarse.

Case a metade das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática consideran que *os proxectos deberían de visarse dependendo da súa natureza (criticidade dos mesmos) independentemente de quen sexa o destinatario final* e unha porcentaxe moi similar opina que *os proxectos deberían de visarse tanto se o destinatario final é a administración pública como se é a empresa privada*.


Figura.5.3.1.2.1.3.3. Opinión sobre o visado dos proxectos informáticos



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=235).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Tanto os homes coma as mulleres coinciden en que os proxectos informáticos deberían de visarse, só que as mulleres inciden máis en que nos visados dos proxectos informáticos dependendo da súa natureza, independentemente do seu destinatario final.

Figura.5.3.1.2.1.3.4. Opinión sobre o visado dos proxectos informáticos por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=235).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

#### V.3.1.2.1.4. Tipo de empresa

Clasificamos o tipo de empresa en dous grupos:


- Sector público: administración pública ou empresa pública.
- Sector privado (estatal ou multinacional): sector TIC ou sector non relacionado coas TIC.

As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea fano preferentemente nunha empresa privada (un 73,5%), estando representada o dobre a

empresa privada estatal fronte a empresa privada multinacional. Respecto á empresa ou administración pública (26,5%), obtemos que a empresa pública ten unha escasa representación, tan só un 1,7%.

Os resultados obtidos difiren dos acadados en AQU Catalunya<sup>37</sup> onde un 85,28% traballan no sector privado e un 14,72% no sector público na enxeñaría técnica en informática de xestión e un 82,61% traballan no sector privado e un 17,39% no sector público na enxeñaría técnica en informática de sistemas, resultando que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia traballan máis no sector público e menos no privado que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática cataláns.


Figura.5.3.1.2.1.4.1. Tipo de empresa



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=235).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Tanto as mulleres coma os homes traballan preferentemente no sector privado. Na administración pública non existen diferenzas significativas por sexo. Existe unha escasa representatividade da empresa pública, polo que non se pode considerar unha diferenza significativa por sexo. Si existen diferenzas na empresa privada, as mulleres traballan máis na empresa privada estatal e os homes máis na empresa privada multinacional.

Figura.5.3.1.2.1.4.2. Tipo de empresa por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=164).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=71).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

37 "Resultados de la encuesta de inserción laboral 2008: ingeniería técnica informática de gestión e ingeniería técnica informática de sistemas. Promoción 2004" (AQU Catalunya).

Á hora de identificar o tamaño da empresa na que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática desempeñan o seu traballo, temos en conta o criterio da Unión Europea (Comisión Europea, 2003)<sup>38</sup> baseado, fundamentalmente, no número de empregados da empresa, en función do que se identifican os seguintes tipos de empresa:

- Microempresa: menos de 10 persoas asalariadas
- Pequena empresa: entre 10 e 49 persoas asalariadas
- Mediana empresa: entre 50 e 249 persoas asalariadas
- Gran empresa: 250 ou máis persoas asalariadas

Observando a táboa seguinte obtemos que un 37,9% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática, traballan nunha gran empresa, dato moi salientable tendo en conta que as pequenas e medianas empresas (PEMES) son máis relevantes na creación de emprego en Galicia.

Táboa.5.3.1.2.1.4.1. Número de traballadores/as aproximado na empresa actualmente

	Homes	Mulleres	Total
<b>Menos de 10 traballadores/as</b>	7,9%	8,5%	8,1%
<b>Entre 10 e 49 traballadores/as</b>	11,0%	14,0%	11,9%
<b>Entre 50 e 249 traballadores/as</b>	16,5%	8,5%	14,0%
<b>Máis de 250 traballadores/as</b>	38,4%	36,6%	37,9%
<b>NS/NC</b>	26,2%	32,4%	28,1%

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=235).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Agrupamos as distintas funcións en tres niveis de responsabilidade: nivel estratéxico, nivel táctico e nivel operativo, sendo o terceiro deles o que ocupa a maioría das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática (71,5%).

Os niveis de responsabilidade que máis desempeñan as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática son de *técnico/a con e sen responsabilidades e/ou autoridade*, seguido da *xestión dunha área ou departamento*. Existen diferenzas significativas, que poñen de relieve que os postos directivos están desempeñados principalmente polos homes. Un claro exemplo disto, son os 8 puntos porcentuais de diferenza existentes entre os homes que *xestionan unha área ou departamento* fronte as mulleres ou ben os cargos de *técnicos con responsabilidade e/ou autoridade* que presentan unha diferenza de 10 puntos porcentuais.

Táboa.5.3.1.2.1.4.2. Nivel de responsabilidade

			Homes	Mulleres	Total
<b>Nivel Estratéxico</b>	0,9%	<b>Decide sobre o total dos recursos da empresa (asimilable a xerente)</b>	0,6%	1,4%	0,9%
<b>Nivel Táctico</b>	22,1%	<b>Xestiona unha área ou departamento (en caso de que existan)</b>	19,5%	11,3%	17,0%
		<b>Xestiona un equipo permanente</b>	4,3%	7,0%	5,1%
<b>Nivel Operativo</b>	71,5%	<b>Técnico/a con responsabilidade e/ou autoridade (chegando a liderar proxectos puntualmente)</b>	48,2%	38,0%	45,1%
		<b>Técnico/a sen responsabilidades e/ou autoridade</b>	22,6%	35,2%	26,4%
		<b>NS/NC</b>	4,8%	7,0%	5,5%

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=235).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.


38 Comisión Europea(2003): "Recomendación de la comisión, de 6 de mayo de 2003, sobre la definición de pequeñas y medianas empresas(2003/361/CE)". Diario Oficial de las Comunidades Europeas L 124 de 20 de mayo de 2003.

### V.3.1.2.1.5. Distribución xeográfica

Un 9,8% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea, fano fóra de Galicia. Preguntóuselles se lles gustaría traballar en Galicia nas actuais condicións de mercado obtendo que un 52,2% (40,0% homes e 75,0% mulleres) si aceptarían traballar en Galicia.


Existe unha diferenza moi salientable de máis de 35 puntos porcentuais entre as porcentaxes de mulleres e homes que desexarían traballar en Galicia.

Figura.5.3.1.2.1.5.1. Traballaría en Galicia



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea fóra de Galicia (n=23).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Figura.5.3.1.2.1.5.2. Traballaría en Galicia por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea fóra de Galicia (n=23).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

A motivación principal para traballar en Galicia é *mellorar a calidade de vida*. Existe diferente motivación por sexo: para os homes é *mellorar a calidade de vida* e no caso das mulleres todas as razóns expostas parécenlles axeitadas (*por ser de orixe galega, por mellorar a calidade de vida e por razóns familiares*).


Táboa.5.3.1.2.1.5.1. Motivación principal para traballar en Galicia

	Total
Por ser de orixe galega	18,1%
Por mellorar a calidade de vida	36,4%
Por razóns familiares	45,5%
Outras	0,0%

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea fóra de Galicia e gustaríalles traballar en Galicia (n=11).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.


Un 89,8% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea, fano en Galicia. Preguntóuselles se lles gustaría traballar noutra comunidade no caso de atopar unha oferta do seu interese obtendo que un 40,3% (45,3% homes e 28,6% mulleres) si aceptarían traballar noutra comunidade.

Figura.5.3.1.2.1.5.3. Traballaría noutra comunidade



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea en Galicia (n=211).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Figura.5.3.1.2.1.5.4. Traballaría noutra comunidade por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea en Galicia (n=211).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

A motivación principal para traballar noutra comunidade é tanto para os homes coma para as mulleres *ascender profesional e economicamente*, seguido de *mellorar a calidade de vida*.

Táboa.5.3.1.2.1.5.2. Motivación principal para traballar noutra comunidade

	Total
Por non ser galego	1,2%
Para mellorar a calidade de vida	16,3%
Por razóns familiares	3,5%
Para ascender profesional e economicamente	75,6%
Outras	3,5%

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea en Galicia e gustaríalles traballar fóra de Galicia (n=85).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

**Conclusións do apartado:**

**Xornada laboral**

Un 96,2% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática traballan a tempo completo e un 3,8% a tempo parcial. A proporción de mulleres con xornada parcial é maior que a de homes, cunha diferenza de 2,6 puntos porcentuais.

Levan unha media de 6,55 anos traballando como asalariados/as, representando só un 5,5% da mostra as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que levan traballando menos de un ano.

**Tipo de contrato**

A estabilidade laboral das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea aparece reflexada na alta porcentaxe acadada polos contratos indefinidos ou fixos, obtendo que un 74,0% presentan un contrato indefinido ou fixo, fronte ao 11,5% dos contratos temporais.

### **Tipo de exercicio profesional**

O principal exercicio profesional que desempeñan as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos informáticos é *a elaboración de proxectos informáticos* representando un 55,7% do total, seguido da *dirección de proxectos informáticos* (19,6%) e a *realización de estudos e informes* (14,9%). Todas as especialidades da enxeñaría técnica en informática son unánimes na opinión de que o principal tipo de exercicio profesional é *a elaboración de proxectos informáticos*.

Os postos de dirección seguen a reservarse para os homes, de feito existe unha diferenza significativa na *dirección de proxectos informáticos*, os homes representan un 20,7% fronte as mulleres que representan un 16,9% (5 puntos porcentuais menos).

O perfil profesional co que máis se identifican as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática é o de *programador de sistemas informáticos*.

Máis da metade das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática están moi de acordo en que *os proxectos informáticos sempre deberían ser asinados polo seu autor* (52,8%) e que *deberían ter atribucións para que soamente quen posúa o título poida asinar os proxectos informáticos* (65,9%).

Un 86,8% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática opinan que os proxectos informáticos deben de visarse. Tanto os homes coma as mulleres coinciden en que os proxectos informáticos deben de visarse, pero as mulleres inciden máis en que *os visados dos proxectos informáticos dependendo da súa natureza, independentemente do seu destinatario final*.

### **Tipo de empresa**

As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea fano preferentemente nunha empresa privada (un 73,5%), estando representada o dobre a empresa privada estatal fronte a empresa privada multinacional. Tanto as mulleres coma os homes traballan preferentemente no sector privado, elas traballan máis na empresa privada estatal e eles máis na empresa privada multinacional.

Un 37,9% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática traballan nunha gran empresa, dato moi salientable tendo en conta que en Galicia a maioría das empresas son PEMES.

Os niveis de responsabilidade que máis desempeñan as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática son de *técnico/a con e sen responsabilidades e/ou autoridade*, seguido da *xestión dunha área ou departamento*.

Os postos directivos están ocupados principalmente polos homes. Existe unha diferenza de 8 puntos porcentuais entre a porcentaxe de homes que *xestionan unha área ou departamento* fronte á das mulleres ou ben *os cargos de técnicos con responsabilidade e/ou autoridade* que presentan unha diferenza de 10 puntos porcentuais.

### **Distribución xeográfica**

Máis da metade das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea fóra de Galicia gustaríalles traballar en Galicia nas actuais condicións de mercado, sendo a motivación principal para os homes *mellorar a calidade de vida* e no caso das mulleres existen tres motivacións: *por ser de orixe galega*, *por mellorar a calidade de vida* e *por razóns familiares*.

Do mesmo xeito obtívose que case a metade das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea en Galicia gustaríalles traballar noutra comunidade no caso de atopar unha oferta do seu interese, sendo a motivación principal tanto para elas como para eles *ascender profesional e economicamente*.

### V.3.1.2.2. Traballo no sector público

Neste apartado analizamos as características das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan na administración pública ou empresa pública, coñecendo o tipo de administración na que desenvolven o seu labor profesional, a categoría á que pertencen, a súa situación laboral previa, así como a posibilidade de compatibilizar o traballo na administración con algunha outra actividade remunerada.


Do 26,5% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea no sector público, un 24,8% pertencen á administración pública e un 1,7% á empresa pública.

No estudo de AQU Catalunya<sup>39</sup> queda reflexado que unha menor porcentaxe de enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática cataláns traballa no sector público, un 14,72% e un 17,39% para as enxeñarías técnicas de informática de xestión e sistemas respectivamente.

Respecto ao tipo de administración pública na que traballan consideráronse as seguintes categorías: administración local, administración autonómica, administración estatal e forzas e corpos da seguridade, non obtendo ningunha representatividade na categoría de forzas e corpos da seguridade.

Case tres cuartas partes das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan na administración pública desempeñan a súa labor na *administración autonómica* (71,0%) e o resto da porcentaxe distribúese a partes iguais entre *administración local* e *administración xeral do Estado*.

Figura.5.3.1.2.2.1. Tipo de administración




Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector público (n=62).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Existen diferenzas significativas por sexo, xa que as mulleres traballan máis na *administración local* cos homes (10 puntos porcentuais máis) e pola contra os homes desempeñan máis o seu labor na *administración autonómica*.

39 "Resultados de la encuesta de inserción laboral 2008: ingeniería técnica informática de gestión e ingeniería técnica informática de sistemas. Promoción 2004" (AQU Catalunya).



Figura.5.3.1.2.2.2. Tipo de administración por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector público (n=62).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

O sector que se encontra representado maioritariamente é a docencia (profesor de universidade, ensinanza secundaria obrigatoria ou ciclos formativos), un 33,9%, seguido polas categorías de técnico/a en informática (19,6%) e auxiliar administrativo/a (10,7%).

Un de cada tres titulados en enxeñaría técnica en informática traballan no grupo que lles corresponde polo título estudado, un grupo B. Resulta moi salientable a nada desprezable cifra do 19,4% que está a traballar nun grupo A, superior ao título estudado.


Táboa.5.3.1.2.2.1. Grupo

	Homes	Mulleres	Total
<b>Grupo A</b>	15,9%	27,8%	19,4%
<b>Grupo B</b>	38,6%	22,2%	33,9%
<b>Grupo C</b>	25,0%	16,7%	22,6%
<b>Grupo D</b>	6,8%	22,2%	11,3%
<b>Grupo E</b>	2,3%	0,0%	1,6%
<b>NS/NC</b>	11,4%	11,1%	11,2%

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector público (n=62).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Tres cuartas partes das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática traballaban como asalariados/as antes da súa chegada á administración. O resto deles practicamente non tiña experiencia laboral previa, polo que se deduce que nada máis rematar a enxeñaría técnica en informática prepararon oposicións á administración pública.


Figura.5.3.1.2.2.3. Situación laboral previa á chegada á administración



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector público (n=62).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Non existen diferenzas significativas respecto ao sexo na situación laboral previa á chegada á administración, tanto elas como eles eran maioritariamente asalariados.

Figura.5.3.1.2.2.4. Situación laboral previa á chegada á administración por sexo




Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector público (n=62).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática dedícanse case exclusivamente ao seu traballo na *administración pública*. Tan só un 12,9% deles *compatibilizan o seu traballo na administración con algunha outra actividade remunerada*.


Os homes superan 2,5 puntos porcentuais máis que as mulleres *na compatibilización do seu traballo na administración pública con algunha outra actividade remunerada*.

Figura.5.3.2.1.5. Compatibilización do traballo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector público (n=62).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Figura.5.3.2.1.6. Compatibilización do traballo por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector público (n=62).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

**Conclusiones do apartado:**

O perfil dos titulados en enxeñaría técnica en informática que traballa no sector público é un traballador da administración autonómica, relacionado coa educación (profesor de universidade, ensinanza secundaria obrigatoria ou ciclos formativos), desempeñando o seu traballo como un grupo B e que anteriormente traballaba no sector privado.

As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática dedícanse case exclusivamente ao seu traballo na administración pública. Menos dun 13% deles compatibilizan o seu traballo na administración con algunha outra actividade remunerada.

**V.3.1.2.3. Traballo no sector privado**

Neste apartado analizamos as características das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea, pero na empresa privada, tanto estatal coma multinacional. Dividimos o apartado, en tres subapartados. Nos dous primeiros apartados consideramos o tipo de empresa na que desempeñan o seu labor profesional: sector TIC e sector non relacionado coas TIC (outros sectores), para a continuación no terceiro subapartado analizar os aspectos xerais do posto de traballo.

Entre as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea, obtiñamos as seguintes porcentaxes: empresa privada estatal (49,6%) e empresa privada multinacional (23,9%). Un 25,7% traballa máis na privada estatal que na internacional, isto non sorprende xa que a maioría deles traballan en Galicia.


Comparando co estudo de AQU Catalunya<sup>40</sup> as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia traballan menos na empresa privada (73,8%) cos cataláns (85,28% en enxeñaría técnica en informática de xestión e 82,61% en enxeñaría técnica en informática de sistemas).

40 "Resultados de la encuesta de inserción laboral 2008: ingeniería técnica informática de gestión e ingeniería técnica informática de sistemas. Promoción 2004" (AQU Catalunya).

Un 69,2% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan para a empresa privada (tanto privada estatal coma internacional) consideran que están nunha empresa do sector TIC (subministradores, operadores) fronte a un 27,9% que consideran que están nunha empresa que pertence a outro sector diferente non relacionado coas TIC (transporte, banca, construción, etc...).


Non existen diferenzas significativas entre os homes e as mulleres.

Figura.5.3.1.2.3.1. Tipoloxía da empresa privada



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado (n=172).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Figura.5.3.1.2.3.2. Tipoloxía da empresa privada por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado (n=172).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.


### V.3.1.2.3.1. Traballo nas empresas do sector TIC

Respecto ás empresas do sector TIC estudamos a actividade á que se adica a empresa, así como a porcentaxe de tempo que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática lle adican a tres tipos de tarefas:

- Tarefas técnicas
- Tarefas de xestión, administración e dirección
- Tarefas comerciais

A principal actividade á que se adica a empresa ou institución privada do sector TIC na que traballan as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática é a *consultoría* (47,1%), seguida polas *empresas provedoras de servizos informáticos* (36,1%).


Figura.5.3.1.2.3.1. Principal actividade da empresa ou institución



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado nas empresas do sector TIC (n=119).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Existen diferenzas significativas por sexo con respecto a actividade da empresa no que os homes e as mulleres realizan o seu traballo. Os homes desempeñan o seu traballo principalmente nunha empresa *consultora*, 15,7 puntos porcentuais máis cas mulleres. Nas *empresas subministradoras de equipos informáticos* destaca máis a presenza de mulleres que de homes.

Figura.5.3.1.2.3.2. Principal actividade da empresa ou institución por sexo




Base: Enxeñarías e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado nas empresas do sector TIC (n=119).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Preguntóuselles pola porcentaxe de tempo que adicaban ás seguintes tarefas: tarefas técnicas, tarefas de xestión e tarefas comerciais. Obtivéronse os seguintes valores medios para cada unha das porcentaxes: as enxeñarías e enxeñeiros técnicos en informática consideran que adican maior tempo ás tarefas técnicas (70,1%), seguidas das de xestión (24,6%), e en último lugar ás tarefas comerciais (3,1%).

Os homes desempeñan máis *tarefas técnicas* cas mulleres e pola contra as mulleres consideran que realizan máis *tarefas de xestión, administración e dirección* cos homes.

Figura.5.3.2.2.1.3. Porcentaxe media do tempo adicado a cada tarefa por sexo



Base: Enxeñarías e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado nas empresas do sector TIC (n=119).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

**Conclusións do apartado:**

Case a metade das enxeñarías e enxeñeiros técnicos en informática traballan nunha *consultoría* (47,1%), desenvolvendo principalmente *tarefas técnicas* (70,1%).

Os homes desempeñan máis *tarefas técnicas* cas mulleres e pola contra as mulleres consideran que realizan máis *tarefas de xestión, administración e dirección* cos homes.

### V.3.1.2.3.2. Traballo nas empresas doutros sectores non relacionados coas TIC


Respecto ás empresas que pertencen a outro sector non relacionado coas TIC estudamos o tipo de sector ao que se adica a empresa e a porcentaxe media de tempo que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática lle adican a tres tipos de tarefas:

- Tarefas técnicas
- Tarefas de xestión, administración e dirección
- Tarefas comerciais.

Así como as valoracións de distintos aspectos do traballo nun sector non relacionado coas TIC.

O principal sector ao que se adica a empresa ou organización non relacionada coas TIC no que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática traballan son *as finanzas, seguros e actividades inmobiliarias* (10,4%) seguido do sector relacionado coa *educación, investigación, sanidade e asistencia social* (6,3%), aínda que estas conclusións deben ser consideradas con cautela xa que existe unha alta porcentaxe de enquisados que contestan "outros sectores" ou ben se atopan dentro da categoría "non sabe/non contesta".

Figura.5.3.1.2.3.2.1. Principais sectores da empresa ou organización




Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado nas empresas doutros sectores non relacionados coas TIC (n=48).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Existen diferenzas significativas por sexo. O principal sector da empresa non relacionada coas TIC na que os homes traballan son *as finanzas, seguros e actividades inmobiliarias*, cunha diferenza de 5,4 puntos porcentuais con respecto ás mulleres. Elas traballan preferentemente no sector da *educación, investigación, sanidade e asistencia social* (13,2%).

Destaca a elevada porcentaxe de persoas enquisadas englobada na categoría de "non sabe/non contesta", así como na categoría de "outros".

Figura.5.3.1.2.3.2.2. Principais sectores da empresa ou organización por sexo




Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado nas empresas doutros sectores non relacionados coas TIC (n=48).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Preguntóuselles pola porcentaxe de tempo adicado ás seguintes tarefas: tarefas técnicas, tarefas de xestión e tarefas comerciais, obtendo os seguintes valores medios para cada unha das porcentaxes: as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática consideran que adican maior tempo ás tarefas técnicas (55,5%), seguidas das de xestión (32,3%), e en último lugar ás tarefas comerciais (8,8%).

Coinciden ambos os dous sexos en que as tarefas que máis tempo lle adican son as tarefas técnicas.

Podemos concluír que independentemente do sector ao que pertence á empresa, as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática adícanse preferentemente ás tarefas técnicas.

Figura. 5.3.1.2.3.2.3. Porcentaxe media do tempo adicado a cada tarefa por sexo




Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado nas empresas doutros sectores non relacionados coas TIC (n=48).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Un 43,8% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática consideran que o seu posto de traballo é exclusivo para eles e non podería estar cuberto por outra persoa con outro tipo de títulos cursados ou enxeñarías. A conclusión obtida difire bastante segundo o sexo, xa


que os homes, consideran máis de 15,2 puntos porcentuais de diferenza, que o posto é exclusivo, fronte a elas que pensan que non é exclusivo.

Figura.5.3.1.2.3.2.4. Exclusividade



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado nas empresas doutros sectores non relacionados coas TIC (n=48).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Figura.5.3.1.2.3.2.5. Exclusividade por sexo




Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado nas empresas doutros sectores non relacionados coas TIC (n=48).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Pedíuselles aos enquisados que valorasen o grao de importancia de distintos aspectos do traballo que desempeñan na empresa dun sector non relacionado coas TIC, obtendo unhas porcentaxes moi positivas para os distintos aspectos a valorar. Consideran moi/bastante importante os *coñecementos técnicos* (85,5%), o *coñecemento do sector e da actividade á que se dedica a empresa* (73,0%), *posuír unha cultura máis xeral que especialista* (66,7%) e a *capacidade de adaptación e aprendizaxe* (98,0%).

O aspecto que acada unha valoración media máis alta é a *capacidade de adaptación e aprendizaxe*, seguida polo *seu coñecemento técnico*, competencias xenéricas e específicas a desenvolver no seu posto de traballo.

Figura.5.3.1.2.3.2.6. Valoración media dos seguintes aspectos



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado nas empresas doutros sectores non relacionados coas TIC (n=48).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.  
 Escala de valoración dende 1: Nada importante ata 4: Moi importante.

Tanto os homes coma as mulleres coinciden en facer unha valoración máis alta na *capacidade de adaptación e aprendizaxe*. No resto de aspectos a valorar, as mulleres realizan unha valoración máis positiva que os homes.



Táboa.5.3.1.2.3.2.1. Valoración dos seguintes aspectos do traballo nun sector non relacionado coas TIC

		Homes	Mulleres	Total
Coñecemento técnico	Moi importante	39,4%	53,3%	43,8%
	Bastante importante	48,5%	26,7%	41,7%
	Pouco importante	12,1%	20,0%	14,6%
	Nada importante	0,0%	0,0%	0,0%
	NS/NC	0,0%	0,0%	0,0%
	<b>Valoración Media</b>	<b>3,27</b>	<b>3,33</b>	<b>3,29</b>
Coñecemento do sector e da actividade na que está a empresa	Moi importante	27,3%	40,0%	31,3%
	Bastante importante	42,4%	40,0%	41,7%
	Pouco importante	27,3%	20,0%	25,0%
	Nada importante	3,0%	0,0%	2,1%
	NS/NC	0,0%	0,0%	0,0%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,94</b>	<b>3,20</b>	<b>3,02</b>
Posuír unha cultura máis xeral que especialista	Moi importante	18,2%	33,3%	22,9%
	Bastante importante	45,5%	40,0%	43,8%
	Pouco importante	27,3%	26,7%	27,1%
	Nada importante	9,1%	0,0%	6,3%
	NS/NC	0,0%	0,0%	0,0%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,73</b>	<b>3,07</b>	<b>2,83</b>
Capacidade de adaptación e aprendizaxe	Moi importante	66,7%	66,7%	66,7%
	Bastante importante	30,3%	33,3%	31,3%
	Pouco importante	3,0%	0,0%	2,1%
	Nada importante	0,0%	0,0%	0,0%
	NS/NC	0,0%	0,0%	0,0%
	<b>Valoración Media</b>	<b>3,64</b>	<b>3,67</b>	<b>3,65</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado nas empresas doutros sectores non relacionados coas TIC (n=48).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Escala de valoración dende 1: Nada importante ata 4: Moi importante.

### **Conclusións do apartado:**

O principal sector ao que se adica a empresa ou organización non relacionada coas TIC no que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática traballan é o das *finanzas, seguros e actividades inmobiliarias* (10,4%), desenvolvendo principalmente *tarefas técnicas* (55,5%), aínda que estas conclusións deben ser consideradas con cautela xa que existe unha alta porcentaxe de enquisados que contestan "outros sectores" ou ben se atopan dentro da categoría "non sabe/non contesta".

As persoas enquisadas consideran que o posto que desempeñan na empresa é *exclusivo* do seu título e non podería estar cuberto por outra persoa cun título diferente. Os homes presentan unha opinión máis exclusivista que as mulleres.

Valoran como moi/bastante importantes no desempeño do posto de traballo nunha empresa non relacionada coas TIC as seguintes competencias xenéricas e específicas: *capacidade de adaptación e aprendizaxe* (98,0%) e *os coñecementos técnicos* (85,5%).

### V.3.1.2.3.3. Aspectos xerais do posto de traballo actual desempeñado no sector privado

Neste apartado analizamos distintos aspectos xerais do posto de traballo actual desempeñado polas enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática na empresa privada (estatal ou multinacional), independentemente do sector ao que pertence a empresa. Dentro destes aspectos están: tempo traballado na empresa privada actual, número de horas semanais traballadas, necesidade de recibir formación específica no posto desempeñado na empresa privada, se traballa na zona xeográfica desexada e as valoracións de distintos aspectos e afirmacións do posto de traballo actual na empresa privada.

A media de anos que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática levan traballando por conta allea na empresa privada actual é de 3,92 anos e os que levan menos de un ano teñen unha media de 5,52 meses, representando un 28,4% do total.

Táboa.5.3.1.2.3.3.1. Tempo que leva traballando na empresa privada actual

		Homes	Mulleres	Total
<b>Menos dun ano</b>	De 1 a 3 meses	8,9%	9,6%	9,1%
	De 4 a 6 meses	12,9%	7,7%	11,4%
	De 7 a 9 meses	4,8%	3,8%	4,5%
	De 10 a 12 meses	4,9%	0,0%	3,4%
	<b>Total</b>	<b>31,5%</b>	<b>21,2%</b>	<b>28,4%</b>
<b>De 1 a 3 anos</b>		43,5%	46,2%	44,3%
<b>De 4 a 6 anos</b>		12,9%	19,2%	14,8%
<b>De 7 a 9 anos</b>		8,9%	9,6%	9,1%
<b>De 10 a 12 anos</b>		1,6%	0,0%	1,1%
<b>Máis de 12 anos</b>		1,6%	3,8%	2,3%
<b>Total</b>		<b>68,5%</b>	<b>78,8%</b>	<b>71,6%</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado (n=172).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

A súa xornada laboral na empresa privada actual está composta por unha media de 41,15 horas semanais.

Os homes traballan máis horas que as mulleres, existindo unha diferenza de 8 puntos porcentuais no tramo correspondente a máis de 46 horas semanais. Elas pola contra presentan un incremento de 6,9 puntos porcentuais no tramo correspondente a menos de 35 horas semanais, coincidindo co feito de que as mulleres traballan máis a xornada parcial.


Táboa.5.3.1.2.3.3.2. Número de horas semanais traballadas

	Homes	Mulleres	Total
<b>Menos de 35 horas</b>	2,5%	9,4%	4,1%
<b>De 35 a 40 horas</b>	57,1%	58,5%	58,1%
<b>De 41 a 46 horas</b>	26,9%	24,5%	26,2%
<b>Máis de 46 horas</b>	11,8%	3,8%	9,3%
<b>NS/NC</b>	1,7%	3,8%	2,3%
<b>Media</b>	<b>41,85</b>	<b>39,52</b>	<b>41,15</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado (n=172).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.


Un 76,2% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática consideran que están a traballar nun *sector pertencente á especialidade estudada*. Este feito coincide coa percepción tan positiva que teñen con respecto aos estudos cursados. Destacan as opinións dos homes, que teñen unha percepción máis positiva de estar a traballar nun sector pertencente á especialidade.

Figura.5.3.1.2.3.3.1. Sector pertencente á especialidade



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado (n=172).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Figura.5.3.1.2.3.3.2. Sector pertencente á especialidade por sexo




Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado (n=172).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Un 45,4% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática afirma que necesitou *formación específica* para desenvolver o seu traballo na empresa privada, en consonancia cos resultados acadados na formación complementaria onde a máis demandada era a correspondente a *ferramentas e aplicacións específicas*.


A porcentaxe de mulleres que teñen percepción de necesitar formación específica é 5,6 puntos porcentuais inferior á dos homes.

Figura.5.3.1.2.3.3.3. Precisou formación específica



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado (n=172).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Figura.5.3.1.2.3.3.4. Precisou formación específica por sexo




Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado (n=172).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

A maioría das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan na empresa privada, traballan na zona xeográfica que desexan, en concreto un 88,4%.


A porcentaxe de mulleres presenta un incremento de 3,2 puntos porcentuais con respecto á dos homes.

Figura.5.3.1.2.3.3.5. Traballa na zona xeográfica que desexa



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado (n=172).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.


Figura.5.3.1.2.3.3.6. Traballa na zona xeográfica que desexa por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado (n=172).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Pedíuselles ás enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que valorasen distintos aspectos do seu actual posto de traballo na empresa privada, indicando o seu grao de satisfacción con eles. En xeral, presentan unha gran satisfacción co *contido do traballo*, seguido pola *súa valoración dentro da empresa* e a *satisfacción xeral coa empresa*.

Figura.5.3.1.2.3.3.7. Valoracións medias dos seguintes aspectos do actual posto de traballo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado (n=172).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.  
 Escala de valoración dende 1: Nada satisfeito ata 4: Moi satisfeito

Obtivéronse as seguintes porcentaxes para moi/bastante satisfeito: *o contido do traballo* (84,9%), *a remuneración* (54,7%), *a posibilidade de promoción* (48,3%), *a súa valoración dentro da empresa* (73,9%) e *a satisfacción xeral coa empresa* (76,1%). Polo que podemos concluír que os tres aspectos cos que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática están máis satisfeitos son: *o contido do traballo*, *a satisfacción xeral coa empresa* e *a súa valoración dentro da empresa*.

Táboa.5.3.1.2.3.3.3. Valoración dos seguintes aspectos do seu actual posto de traballo

		Homes	Mulleres	Total
<b>O contido do traballo</b>	<b>Moi satisfeito</b>	25,2%	28,3%	26,2%
	<b>Bastante satisfeito</b>	60,5%	54,7%	58,7%
	<b>Pouco satisfeito</b>	12,6%	7,5%	11,0%
	<b>Nada satisfeito</b>	0,0%	3,8%	1,2%
	<b>NS/NC</b>	1,7%	5,7%	2,9%
	<b>Valoración Media</b>	<b>3,13</b>	<b>3,14</b>	<b>3,13</b>
<b>A remuneración</b>	<b>Moi satisfeito</b>	6,7%	7,5%	7,0%
	<b>Bastante satisfeito</b>	48,7%	45,3%	47,7%
	<b>Pouco satisfeito</b>	37,9%	39,6%	38,4%
	<b>Nada satisfeito</b>	4,2%	1,9%	3,5%
	<b>NS/NC</b>	2,5%	5,7%	3,4%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,59</b>	<b>2,62</b>	<b>2,60</b>
<b>A posibilidade de promoción</b>	<b>Moi satisfeito</b>	5,9%	5,7%	5,8%
	<b>Bastante satisfeito</b>	45,4%	35,8%	42,5%
	<b>Pouco satisfeito</b>	36,1%	37,7%	36,6%
	<b>Nada satisfeito</b>	9,2%	9,4%	9,3%
	<b>NS/NC</b>	3,4%	11,3%	5,8%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,50</b>	<b>2,43</b>	<b>2,48</b>
<b>A súa valoración dentro da empresa</b>	<b>Moi satisfeito</b>	16,8%	13,2%	15,7%
	<b>Bastante satisfeito</b>	57,2%	60,4%	58,2%
	<b>Pouco satisfeito</b>	19,3%	9,4%	16,3%
	<b>Nada satisfeito</b>	1,7%	1,9%	1,7%
	<b>NS/NC</b>	5,0%	15,1%	8,1%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,94</b>	<b>3,00</b>	<b>2,96</b>
<b>Satisfacción xeral coa empresa</b>	<b>Moi satisfeito</b>	14,3%	17,0%	15,1%
	<b>Bastante satisfeito</b>	60,5%	62,3%	61,0%
	<b>Pouco satisfeito</b>	22,7%	13,2%	19,8%
	<b>Nada satisfeito</b>	0,0%	0,0%	0,0%
	<b>NS/NC</b>	2,5%	7,5%	4,1%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,91</b>	<b>3,04</b>	<b>2,95</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado (n=172).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Escala de valoración dende 1: Nada satisfeito ata 4: Moi satisfeito.

Pedíuselles ás enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que valorasen o seu grao de acordo con distintas afirmacións sobre o actual posto de traballo na empresa privada, sendo as seguintes afirmacións as que acadan unha maior valoración: *o título está ben considerado dentro do ámbito da empresa e a miña situación laboral é acorde co esforzo realizado durante a enxeñaría técnica en informática*, coincidindo coa boa percepción que teñen de como son considerados dentro da empresa privada que traballan, así como a satisfacción que sinten cos estudos universitarios cursados.


Táboa.5.3.1.2.3.3.4. Valoración das seguintes afirmacións do actual posto de traballo

		Homes	Mulleres	Total
<b>A miña situación laboral é acorde co esforzo realizado durante a enxeñaría técnica en informática</b>	<b>Moi de acordo</b>	13,4%	11,3%	12,8%
	<b>Bastante de acordo</b>	49,6%	43,4%	47,7%
	<b>Pouco de acordo</b>	26,9%	32,1%	28,5%
	<b>Nada de acordo</b>	7,6%	9,4%	8,1%
	<b>NS/NC</b>	2,5%	3,8%	2,9%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,70</b>	<b>2,94</b>	<b>2,67</b>
<b>Os coñecementos adquiridos durante a enxeñaría técnica en informática fóronlle de utilidade</b>	<b>Moi de acordo</b>	12,6%	7,5%	11,0%
	<b>Bastante de acordo</b>	42,0%	43,4%	42,4%
	<b>Pouco de acordo</b>	37,0%	28,3%	34,3%
	<b>Nada de acordo</b>	5,9%	17,0%	9,3%
	<b>NS/NC</b>	2,5%	3,8%	2,9%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,63</b>	<b>2,43</b>	<b>2,57</b>
<b>A enxeñaría técnica en informática está ben considerada dentro do ámbito da empresa</b>	<b>Moi de acordo</b>	16,8%	17,0%	16,9%
	<b>Bastante de acordo</b>	45,4%	58,5%	49,4%
	<b>Pouco de acordo</b>	26,1%	7,5%	20,3%
	<b>Nada de acordo</b>	8,4%	7,5%	8,1%
	<b>NS/NC</b>	3,3%	9,4%	5,2%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,73</b>	<b>2,59</b>	<b>2,79</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado (n=172).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.  
 Escala de valoración dende 1: Nada de acordo ata 4: Moi de acordo.

As mulleres valoran máis positivamente que os homes o feito de que *a enxeñaría técnica en informática está ben considerada dentro do ámbito da empresa* e a súa valoración resulta máis negativa ca dos homes nas afirmacións correspondentes a *"miña situación laboral é acorde co esforzo realizado durante a enxeñaría técnica en informática"* e *"os coñecementos adquiridos durante a enxeñaría técnica en informática fóronlle de utilidade"*.

Figura.5.3.1.2.3.3.8. Valoracións medias das seguintes afirmacións do actual posto de traballo




Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado (n=172).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.  
 Escala de valoración dende 1: Nada de acordo ata 4: Moi de acordo.

Facendo unha avaliación do título, un 61,6% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática coinciden en opinar que *a súa liña profesional coincide coas súas expectativas ao inicio do título*. Isto reafirma a súa satisfacción cos estudos universitarios cursados e que están realmente traballando no que pensaban traballar, sentíndose satisfeitos cos estudos universitarios cursados.

Unha percepción análoga se obtiña nos datos da ACSUG<sup>41</sup>, onde un 64,5% dos titulados en enxeñaría técnica en informática valoraban como moito/bastante satisfeitos dita coincidencia.


Existen diferenzas significativas por sexo á hora de opinar, a porcentaxe de homes supera en 10 puntos porcentuais á de mulleres que sinalan que *a súa liña profesional coincide coas súas expectativas ao inicio do título*.

Figura.5.3.1.2.3.3.9. Liña profesional



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado (n=172).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Figura.5.3.1.2.3.3.10. Liña profesional por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado (n=172).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

### **Conclusións do apartado:**

A media de anos que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática leva traballando por conta allea na empresa privada actual é de 3,92 anos e os que levan menos de un ano teñen unha media de 5,52 meses.

A súa xornada laboral está composta por unha media de 41,15 horas semanais. Os homes traballan máis horas que as mulleres, presentando unhas porcentaxes máis altas no tramo de máis de 46 horas semanais. Elas pola contra representan unha porcentaxe de 6,9 puntos porcentuais superior no tramo de menos de 35 horas semanais, xa que traballan máis en xornada parcial.

Tres de cada catro titulados en enxeñaría técnica en informática consideran que traballan nun sector pertencente á especialidade estudada.

Un 45,4% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática afirma que necesitou *formación específica* para desenvolver o seu traballo na empresa privada.

Os tres aspectos do seu posto actual cos que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática están máis satisfeitos son: *o contido do traballo* (84,9%), *a satisfacción xeral coa empresa* (76,1%) e *a súa valoración dentro da empresa* (73,9%).

Tanto os homes coma as mulleres consideran que no seu posto actual na empresa privada *o título está ben considerado dentro do ámbito da empresa*. Elas son máis pesimistas á

41 Datos non publicados correspondentes ao título en enxeñaría técnica en informática no SUG: titulados no curso académico 2005-2006. ACSUG (2009).



hora de valorar a utilidade dos coñecementos adquiridos durante o título e a consideración do mesmo dentro do ámbito da empresa.

Tres de cada cinco titulados en enxeñaría técnica en informática opinan que a súa liña profesional coincide coas súas expectativas ao inicio do título.


### V.3.1.2.4. Salario

Analizamos o salario bruto anual das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea, estudando o salario nos sectores público e privado (sector TIC ou non relacionado coas TIC) e as seguintes relacións: salario-sexo e salario-idade.

Practicamente a metade das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática están situados no tramo salarial correspondente aos 18.001 e 30.000 euros brutos anuais, independentemente de que traballen no sector público ou privado. Acadan mellores salarios no sector privado nas empresas do sector TIC, obtendo as seguintes porcentaxes para salarios brutos anuais superiores a 30.001 euros: sector público (16,1%), sector privado empresas do sector TIC (16,8%) e sector privado empresas do sector non relacionadas coas TIC (14,6%).

Comparando cos resultados obtidos por AQU Catalunya<sup>42</sup>, non existen diferenzas significativas respecto ao salario obtido para as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática cataláns, sendo porcentaxes moi similares ás acadadas nas enxeñarías técnicas en informática galegas. Para as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática cataláns o tramo máis representativo tamen é entre 18.001 e 30.000 cun 53,29% en enxeñaría técnica en informática de xestión e cun 50,48% en enxeñaría técnica en informática de sistemas. Respecto ás porcentaxes que acadan un salario anual superior aos 30.000 euros son 17,11% e 10,48% nas enxeñarías técnicas en informática de xestión e sistemas respectivamente.

Figura.5.3.1.2.4.1. Salario bruto anual




Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=235).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

42 "Resultados de la encuesta de inserción laboral 2008: ingeniería técnica informática de gestión e ingeniería técnica informática de sistemas. Promoción 2004" (AQU Catalunya).

Existen diferenzas salariais entre mulleres e homes, tanto no sector público coma no privado. A pesar de ter a mesma formación e preparación, os homes acadan mellores soldos cas mulleres, reflexado no feito de que unha porcentaxe máis alta de homes están situados en mellores tramos salariais, confirmándose a discriminación por sexo. Tanto no sector público coma no privado as mulleres acadan unha maior representatividade cos homes no tramo salarial correspondente entre 12.001 e 18.000 euros. Con respecto ao salario bruto anual superior a 30.001 euros, as discrepancias son maiores no sector privado e inexistentes no público. A porcentaxe de homes que traballan nas empresas privadas pertencentes a un sector non relacionado coas TIC e con salario superior a 30.001 euros é 11,5 puntos porcentuais máis que a das mulleres.

Parte destas diferenzas explícase porque a proporción de mulleres cunha xornada laboral a tempo parcial é maior que a de homes. Isto provoca que os seus ingresos brutos anuais sexan menores.

Figura.5.3.1.2.4.2. Salario bruto anual por sexo




Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea (n=235).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Unha das aspiracións xerais ao longo da vida laboral dun individuo é a de ascender profesionalmente, dando lugar xeralmente a unha mellora económica. Non é de extrañar por iso que exista unha relación entre o salario e a idade, ofrecéndonos a evolución da situación profesional medida como satisfactoriamente cando se produce un incremento salarial ao longo do tempo.

Como podemos observar a situación profesional das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan no sector público é moi favorable xa que a maior idade maior representatividade obtemos nos tramos salariais máis altos. De feito, un 50,0% dos maiores de 38 anos atópanse no tramo salarial correspondente entre 30.001 e 42.000 euros.

Figura.5.3.1.2.4.3. Salario bruto anual no sector público por idade




Base: Enxeñarías e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector público (n=62).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

A situación profesional das enxeñarías e enxeñeiros técnicos en informática acaba unha valoración favorable no sector privado, sendo moi favorable nas empresas do sector TIC e algo menos nas que non están relacionadas coas TIC. A maior idade<sup>43</sup> máis se incrementan as porcentaxes nos tramos salariais superiores, de feito nas empresas do sector TIC prodúcese un incremento de 7,1 puntos porcentuais na porcentaxe de enxeñeiros e enxeñarías técnicas con salario bruto anual superior a 30.001 euros dende os 26-30 anos ata os 34-38 anos.

No caso do sector privado un incremento salarial co paso do tempo significa unha valoración moi positiva por parte da empresa co labor desenvolvido polo/a enxeñeiro/a técnico/a en informática, reafirmando a satisfacción que presentaban coa "súa valoración dentro da empresa", é dicir, sítense valorados dentro da empresa e a empresa transmítelles esa valoración con incrementos económicos no seu salario. Outra razón que xustifica o aumento salarial co incremento da idade é a experiencia laboral. No sector privado, xeralmente, a experiencia laboral premiase con mellores ofertas económicas.

43 Neste caso non consideramos os intervalos de idade correspondentes a "entre 22 e 26 anos" e "máis de 38 anos" debido a escasez da mostra, o que producía pouca significatividade nos resultados obtidos neses intervalos.

Figura.5.3.1.2.4.4. Salario bruto anual no sector privado por idade



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia entre 26 e 38 anos que traballan por conta allea no sector privado (n=62).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

### Conclusións do apartado:

Practicamente a metade das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática están situados no tramo salarial correspondente aos 18.001 e 30.000 euros brutos anuais, independentemente de que traballen no sector público ou privado.

Existen diferenzas salariais entre mulleres e homes, tanto no sector público coma no privado. Tanto no sector público coma no privado as mulleres acadan unha maior representatividade cos homes no tramo salarial correspondente entre 12.001 e 18.000 euros. Con respecto ao salario bruto anual superior a 30.001 euros, as discrepancias son maiores no sector privado e inexistentes no público. A porcentaxe de homes que traballan nas empresas privadas pertencentes a un sector non TIC e con salario superior a 30.001 euros é 11,5 puntos porcentuais maior que a das mulleres. Parte destas diferenzas explícase porque a proporción de mulleres cunha xornada laboral a tempo parcial é maior que a de homes. Isto provoca que os seus ingresos brutos anuais sexan menores.

As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática evolucionan economicamente de xeito moi favorable co paso do tempo, xa que tanto no sector público coma no sector privado relacionado coas TIC obsérvase un incremento salarial a medida que aumenta a idade.

### V.3.1.3. Procura do primeiro emprego

Neste apartado estaba previsto analizar a busca do primeiro emprego das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática, estudando distintas características como son as vías máis empregadas para a busca de emprego, os factores que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática perciben como máis valorados para buscar emprego, as ofertas recibidas, as ofertas rexeitadas e os motivos para rexeitar ditas ofertas.

Neste caso non podemos presentar os resultados obtidos debido a pouca representatividade da mostra, tan só 5 persoas enquisadas buscan o primeiro emprego dunha mostra obtida de 284, o que representa un 1,8% do total.

Segundo o estudo realizado dende a ACSUG<sup>44</sup>, os cinco factores máis valorados polas enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática na busca de emprego son:

- *os coñecementos de informática*
- *a experiencia laboral relacionada*
- *a actitude durante a entrevista*
- *ter mobilidade xeográfica*
- *saber aproveitar as oportunidades*

Táboa.5.3.1.3.1. Factores valorados na busca de emprego

Factores	Valoración media	
	2003-2005	2005-2006
<b>O título estudado</b>	4,05	4,13
<b>O expediente académico</b>	2,57	2,66
<b>A especialización no título</b>	2,90	2,76
<b>Cursos de posgrao, máster ou doutoramento</b>	3,03	2,99
<b>Experiencia laboral relacionada</b>	4,49	4,40
<b>Prácticas na mesma empresa</b>	4,08	3,79
<b>Prácticas noutras empresas</b>	3,93	3,55
<b>Coñecementos de idiomas</b>	3,89	3,51
<b>Coñecementos de informática</b>	4,80	4,66
<b>Actitude durante a entrevista</b>	4,20	4,18
<b>Resultados de test de selección</b>	3,50	3,41
<b>Reputación do centro universitario onde estudou</b>	2,80	2,72
<b>Relacións persoais e do contorno</b>	3,80	3,54
<b>Ser constante na busca</b>	4,10	3,93
<b>Ter mobilidade xeográfica</b>	4,20	4,11
<b>Ausencia de cargas/compromisos familiares</b>	3,50	3,18
<b>Aproveitar as oportunidades</b>	4,20	4,14

Base: Titulados en enxeñaría técnica en informática no SUG nos cursos académicos 2003-2005 e 2005-2006.  
 Fonte: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).  
 Escala de valoración dende 1: Nada ata 5: Moito.

<sup>44</sup> Datos non publicados correspondentes aos titulados en enxeñaría técnica en informática no SUG: titulados nos cursos académicos 2003-2005 (ACSUG 2008) e 2005-2006 (ACSUG 2009).

### V.3.1.4. Actualmente desempregados

Neste apartado obtemos as opinións das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que actualmente están desempregados, analizando o tempo que levan no paro, os motivos principais para estar no paro, o sector da última empresa na que traballaron e o tempo que levaban traballando.

Dunha mostra de 284 enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática obtivemos que actualmente 13 están desempregados/as, o que representa o 4,6% do total, polo que debemos ser cautelosos á hora de interpretar os resultados.

A maioría dos desempregados levan entre un e tres meses e o principal motivo de non estar traballando é porque non buscaron traballo. Principalmente traballaban nunha empresa do sector non relacionado coas TIC e levaban unha media de 1,63 anos en dita empresa.

A porcentaxe de desempregados en enxeñaría técnica en informática de Galicia, 4,6%, presentan unha situación máis favorable que o resto dos galegos, xa que segundo datos obtidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE)<sup>45</sup>, a taxa de paro en Galicia no 2007 sitúase no 7,6% e no 2008 no 8,7%.

## V.4. Diagnóstico da profesión

Neste apartado recóllese a opinión de todas as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática pertencentes á mostra, analizando a situación da profesión, como as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática perciben a súa situación, como cren que estará no futuro, cales son as recomendacións que lle farían a un recién titulado ou con experiencia en informática, as competencias profesionais que consideran máis importantes no desempeño da súa profesión e outros aspectos a valorar.

### V.4.1. Percepción da situación profesional actual

A percepción das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática sobre a situación actual da profesión está dividida entre un 41,9% que a considera moi boa ou boa fronte a un 19,0% que a considera moi mala ou mala. Estas dúas percepcións xiran entornando o eixo central do 37,7% que a califica de regular.

A porcentaxe de homes que posúen unha opinión optimista supera en 3,2 puntos porcentuais á de mulleres.

Táboa.5.4.1.1. Situación profesional actual

	Homes	Mulleres	Total
<b>Moi boa</b>	6,3%	5,4%	6,0%
<b>Boa</b>	36,6%	34,4%	35,9%
<b>Regular</b>	36,6%	39,8%	37,7%
<b>Mala</b>	12,6%	16,1%	13,7%
<b>Moi mala</b>	6,3%	3,2%	5,3%
<b>NS/NC</b>	1,6%	1,1%	1,4%
<b>Valoración Media</b>	<b>3,24</b>	<b>3,23</b>	<b>3,24</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.  
 Escala de valoración dende 1: Moi mala ata 5: Moi boa.

<sup>45</sup> "Datos estadísticos básicos de Galicia 2008 (Fonte: INE, Encuesta de población activa)".  
 "Datos estadísticos básicos de Galicia 2009 (Fonte: INE, Encuesta de población activa)".

### V.4.2. Percepción da situación da profesión nun futuro próximo

A metade das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática non consideran que se vaian a producir cambios na súa situación profesional nos dous anos próximos, opinando un 48,6% que será igual que agora. Perciben unha maior estabilidade laboral os homes fronte as mulleres, xa que a porcentaxe de homes que se afianzan en dita afirmación supera en 5,1 puntos porcentuais á de mulleres.

Tres de cada dez enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática móstranse optimistas, calificando a situación profesional dentro de dous anos mellor que na actualidade. Elas perciben o futuro da profesión con maior optimismo que eles.

Un 15,5% consideran que o cambio será para peor, non habendo diferenzas por sexo e representando unha baixa porcentaxe.

Táboa.5.4.2.1. Situación profesional dentro de dous anos

	Homes	Mulleres	Total
<b>Mellor que agora</b>	31,4%	34,4%	32,4%
<b>Igual que agora</b>	50,3%	45,2%	48,6%
<b>Peor que agora</b>	15,7%	15,1%	15,5%
<b>NS/NC</b>	2,6%	5,4%	3,5%
<b>Valoración Media</b>	<b>1,84</b>	<b>1,80</b>	<b>1,82</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Escala de valoración dende 1: Peor ata 3: Mellor.

Na percepción da situación futura inflúe moito a situación laboral na que se atopan os enquisados, xa que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea no sector privado móstranse máis optimistas que a mostra global. De feito un 58,1% consideran que a súa situación mellorará fronte ao polo oposto no que apenas un 3,5% opina que empeorará. Destaca tamén a estabilidade percibida da súa situación profesional polos que consideran que se manterá igual, representando un 35,5% dos que traballan no sector privado.

Táboa.5.4.2.2. Situación profesional no sector privado dentro de dous anos

	Homes	Mulleres	Total
<b>Mellorará</b>	60,5%	52,8%	58,1%
<b>Manterase igual</b>	34,5%	37,7%	35,5%
<b>Empeorará</b>	3,3%	3,8%	3,5%
<b>NS/NC</b>	1,7%	5,7%	2,9%
<b>Valoración Media</b>	<b>1,42</b>	<b>1,48</b>	<b>1,44</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia que traballan por conta allea no sector privado (n=172).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Escala de valoración dende 1: Empeorará ata 3: Mellorará.

### V.4.3. Necesidade de explorar outros sectores profesionais

Máis do 79,6% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática consideran moi/bastante necesario explorar outras opcións alternativas para o desempeño da profesión.

A porcentaxe de mulleres que consideran necesario a exploración doutras opcións alternativas para o desempeño da profesión supera en 17,8 puntos porcentuais á dos homes.

Táboa.5.4.3.1. Exploración de opcións alternativas noutros sectores profesionais

	Homes	Mulleres	Total
<b>Moi necesario</b>	25,7%	32,3%	27,8%
<b>Bastante necesario</b>	48,2%	59,1%	51,8%
<b>Pouco necesario</b>	12,0%	4,3%	9,5%
<b>Nada necesario</b>	6,8%	3,2%	5,6%
<b>NS/NC</b>	7,3%	1,1%	5,3%
<b>Valoración Media</b>	<b>3,00</b>	<b>3,22</b>	<b>3,07</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Escala de valoración dende 1: Nada necesario ata 4: Moi necesario.

### V.4.4. Sectores profesionais recomendados na busca de emprego

Nos seguintes ítems, pedíuselles ás enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que valorasen cales serían as saídas máis recomendables para as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática desempregados. Comprobouse que as recomendacións varían segundo o consello sexa para as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática novos ou maiores desempregados.

#### **Recomendacións para as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática novos desempregados:**

As tres principais recomendacións que lles fan aos xóvenes enxeñeiros técnicos en informática desempregados son:

- *buscar traballo no sector TIC* (85,6%)
- *buscar traballo na administración* (71,2%)
- *buscar traballo en sectores diferentes ao TIC* (54,2%).

Inicialmente recomentan o traballo no sector TIC, como parece lóxico que sexa a orientación laboral axeitada para os recién titulados, sen apenas experiencia.

Non obstante, apostan pola diversificación, sen estancarse na administración pública nin en sectores específicos recomendando, cunha alta porcentaxe, sectores diferentes ao TIC.



Táboa.5.4.4.1. Consellos ás xóvenes enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática desempregados


		Homes	Mulleres	Total
Buscar traballo no sector TIC	Moito	35,1%	31,2%	33,8%
	Bastante	51,3%	52,7%	51,8%
	Pouco	11,0%	8,6%	10,2%
	Nada	1,0%	3,2%	1,8%
	NS/NC	1,6%	4,3%	2,4%
	<b>Valoración Media</b>	<b>3,22</b>	<b>3,17</b>	<b>3,21</b>
Buscar traballo en sectores diferentes ao TIC	Moito	12,0%	15,1%	13,0%
	Bastante	39,3%	45,2%	41,2%
	Pouco	37,7%	25,8%	33,8%
	Nada	6,8%	2,2%	5,3%
	NS/NC	4,2%	11,8%	6,7%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,59</b>	<b>2,83</b>	<b>2,66</b>
Buscar traballo na administración	Moito	35,6%	35,5%	35,6%
	Bastante	33,5%	39,8%	35,6%
	Pouco	24,1%	10,8%	19,7%
	Nada	5,8%	7,5%	6,3%
	NS/NC	1,0%	6,5%	2,8%
	<b>Valoración Media</b>	<b>3,00</b>	<b>3,10</b>	<b>3,03</b>
Orientarse cara o exercicio da libre profesión	Moito	7,9%	3,2%	6,3%
	Bastante	27,7%	23,7%	26,4%
	Pouco	52,4%	40,9%	48,6%
	Nada	10,5%	23,7%	14,8%
	NS/NC	1,5%	8,6%	3,9%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,34</b>	<b>2,07</b>	<b>2,25</b>
Intentar crear con outros unha pequena empresa ou gabinete	Moito	16,2%	6,5%	13,0%
	Bastante	30,4%	31,2%	30,6%
	Pouco	42,4%	34,4%	39,8%
	Nada	8,9%	20,4%	12,7%
	NS/NC	2,1%	7,5%	3,9%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,55</b>	<b>2,26</b>	<b>2,46</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Escala de valoración dende 1: Nada ata 4: Moito.

Figura.5.4.4.1. Valoracións medias das recomendacións por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.  
 Escala de valoración dende 1: Nada ata 4: Moito.

### Recomendacións para as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática maiores desempregados:

As tres principais recomendacións que lles fan ás enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática maiores desempregados son:

- *buscar traballo na administración* (75,7%)
- *buscar traballo no sector TIC* (71,8%)
- *buscar traballo en sectores diferentes ao TIC* (62,3%).

Como se pode observar, intercámbianse as recomendacións con respecto aos xóvenes desempregados, incrementándose a recomendación de busca de traballo en sectores non relacionados coas TIC e aconsellando principalmente o traballo na administración pública.

Táboa.5.4.4.2. Consellos ás enxeñarías e enxeñeiros técnicos en informática maiores desempregados


		Homes	Mulleres	Total
<b>Buscar traballo no sector TIC</b>	<b>Moito</b>	30,4%	20,4%	27,1%
	<b>Bastante</b>	43,5%	47,3%	44,7%
	<b>Pouco</b>	17,8%	15,1%	16,9%
	<b>Nada</b>	6,7%	8,6%	7,4%
	<b>NS/NC</b>	1,6%	8,6%	3,9%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,99</b>	<b>2,87</b>	<b>2,95</b>
<b>Buscar traballo en sectores diferentes ao TIC</b>	<b>Moito</b>	17,8%	9,7%	15,1%
	<b>Bastante</b>	47,1%	47,3%	47,2%
	<b>Pouco</b>	26,7%	22,6%	25,4%
	<b>Nada</b>	6,3%	5,4%	6,0%
	<b>NS/NC</b>	2,1%	15,1%	6,3%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,78</b>	<b>2,72</b>	<b>2,76</b>
<b>Buscar traballo na administración</b>	<b>Moito</b>	42,9%	36,6%	40,8%
	<b>Bastante</b>	34,6%	35,5%	34,9%
	<b>Pouco</b>	17,3%	12,9%	15,8%
	<b>Nada</b>	3,1%	7,5%	4,6%
	<b>NS/NC</b>	2,1%	7,5%	3,9%
	<b>Valoración Media</b>	<b>3,20</b>	<b>3,09</b>	<b>3,16</b>
<b>Orientarse cara o exercicio da libre profesión</b>	<b>Moito</b>	17,3%	9,7%	14,8%
	<b>Bastante</b>	31,9%	18,3%	27,5%
	<b>Pouco</b>	42,4%	43,0%	42,6%
	<b>Nada</b>	6,3%	19,4%	10,6%
	<b>NS/NC</b>	2,1%	9,7%	4,5%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,62</b>	<b>2,20</b>	<b>2,49</b>
<b>Intentar crear con outros unha pequena empresa ou gabinete</b>	<b>Moito</b>	20,4%	10,8%	17,3%
	<b>Bastante</b>	34,6%	24,7%	31,3%
	<b>Pouco</b>	36,1%	36,6%	36,3%
	<b>Nada</b>	6,3%	17,2%	9,9%
	<b>NS/NC</b>	2,6%	10,8%	5,2%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,71</b>	<b>2,33</b>	<b>2,59</b>

Base: Enxeñarías e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Escala de valoración dende 1: Nada ata 4: Moito.

Figura.5.4.4.2. Valoracións medias das recomendacións por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.  
 Escala de valoración dende 1: Nada ata 4: Moito.

#### V.4.5. Competencias profesionais

O coñecemento das competencias profesionais que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática perciben no desenvolvemento do seu traballo pode contribuír a mellorar a calidade da formación universitaria e axudar aos actuais alumnos de enxeñaría técnica en informática a completar a súa formación de cara a unha futura inserción no mercado laboral.

Existen numerosas definicións de competencias, entre as que podemos atopar:

- "competencia é o conxunto de comportamentos, habilidades, coñecementos e actitudes que favorecen o correcto desempeño do traballo e que a organización ten interese en desenvolver ou recoñecer nos seus colaboradores de cara á consecución dos obxectivos extratécnicos da empresa" por Alamillo e Villamar aportada por Cris Bolivar(2003)<sup>46</sup>.
- "competencia é a capacidade para responder ás demandas e levar a cabo tarefas de forma axeitada" segundo a OCDE (Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico) no estudo DESECO (Definition and Selection of Competencies, 1998)<sup>47</sup>.
- "...unha combinación dinámica de atributos -con respecto ao coñecemento e a súa aplicación, ás actitudes e ás responsabilidades- que describen os resultados da aprendizaxe dun determinado programa ou como os estudantes serán capaces de desenvolverse ao finalizar o proceso educativo" segundo o Proxecto Tunning,2003 (proyecto promovido por algunhas universidades europeas e centrado na ensinanza universitaria).

As competencias clasifícanse en xenéricas e específicas. Consideráanse específicas aquelas relacionadas directamente cunha ocupación concreta e xenéricas aquelas que se refiren a competencias transversais, transferibles a multitude de funcións e tarefas.

Segundo Daniel Goleman(1999) " as condicións intelectuais non son a única garantía do éxito no ámbito profesional do traballo, senon tan só un factor, que unido as necesidades emocionais cubertas do persoal como equipo, desenvolverá o desempeño e os resultados de todo líder e traballador motivandoo emocionalmente a ser produtivo ". Considerando a

<sup>46</sup> <http://www.gestiopolis.com>(5 de marzo de 2005).

<sup>47</sup> Citado no estudo: "Competencias profesionais dos universitarios"(Consello Social Universidade da Coruña).

tipoloxía de D. Goleman(1995)<sup>48</sup> as competencias transversais terían tres dimensións interrelacionadas: cognitiva, persoal e relacional. Atendendo ás clasificacións mencionadas, as competencias analizadas no presente informe quedarían agrupadas do seguinte modo:

- Competencias específicas
  - Coñecementos teóricos no seu campo
  - Coñecementos prácticos no seu campo
- Competencias xenéricas
  - Competencias cognitivas e de razoamento
    - Capacidade para aprendizaxe
    - Capacidade de planificación, coordinación e organización
    - Capacidade de análise
    - Capacidade para resolver problemas
    - Coñecementos de idiomas
    - Cultura xeral
    - Coñecementos de informática
  - Competencias de xestión de relacións
    - Capacidade de traballo en equipo
    - Capacidade de comunicación oral/escrita
  - Capacidades de coñecemento e dominio persoal
    - Capacidade para asumir responsabilidades
    - Capacidade de liderado
    - Iniciativa
    - Adaptabilidade
    - Motivación
    - Capacidade de traballo baixo presión
    - Capacidade de traballo independente
    - Creatividade

Preguntóuselles ás enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática polas tres competencias, coñecementos e aptitudes que consideran máis importantes de cara ao desenvolvemento do seu traballo, obtendo as valoracións máis importantes:

- a capacidade para aprendizaxe (36,7%),
- a capacidade de traballo en equipo (30,8%)
- a capacidade de planificación, coordinación e organización (14,0%).

Case un 50% deles destacan "outras competencias" (ver cuestionario no anexo II) entre as que se atopan a creatividade (4,5%) e a capacidade de comunicación oral e escrita (3,5%).

Tanto as mulleres coma os homes coinciden nas tres competencias máis importantes.

Comparando cos resultados obtidos no estudo da ACSUG<sup>49</sup>, onde se lles pedía que valorasen (nunha escala de 1: Nada ata 5: Moito) unha serie de competencias, coñecementos e aptitudes englobadas principalmente na táboa 3.4.5.1, obtívose que as cinco competencias máis valoradas foron:

- os coñecementos de informática (4,73) (4,74)
- a capacidade para aprendizaxe (4,52) (4,65)
- a capacidade para resolver problemas (4,47) (4,39)
- os coñecementos prácticos no seu campo (4,44) (4,61)
- a capacidade de traballo en equipo (4,38) (4,52)

<sup>48</sup> Goleman, D.(1995): *Inteligencia Emocional*, Editorial Tainós, Barcelona.

<sup>49</sup> Datos non publicados correspondentes ao título de enxeñaría técnica en informática no SUG: titulados nos cursos académicos 2003-2005 (ACSUG 2008) e 2005-2006 (ACSUG 2009).

Táboa.5.4.5.1. Competencias máis importantes para as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática

	Homes	Mulleres	Total
Capacidade para aprendizaxe	36,3%	37,6%	36,7%
Capacidade de traballo en equipo	30,1%	32,3%	30,8%
Capacidade de planificación, coordinación e organización	10,4%	21,5%	14,0%
Capacidade para asumir responsabilidades	9,3%	14,0%	10,8%
Capacidade de análise	10,4%	11,8%	10,8%
Adaptabilidade	10,4%	8,6%	9,8%
Capacidade de liderado	9,3%	6,5%	8,4%
Iniciativa	9,3%	6,5%	8,4%
Coñecementos prácticos no seu campo	9,3%	5,4%	8,0%
Motivación	4,7%	7,5%	5,6%
Creatividade *	4,7%	4,3%	4,5%
Capacidade para resolver problemas	4,1%	4,3%	4,2%
Coñecementos teóricos no seu campo	3,1%	4,3%	3,5%
Capacidade de comunicación oral/escrita *	4,1%	2,2%	3,5%
Capacidade de traballo baixo presión	0,5%	2,2%	1,0%
Coñecementos de idiomas *	1,6%	0,0%	1,0%

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros informáticos de Galicia (n=284).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

As porcentaxes non suman o 100% xa que poden elixir máis dunha opción.


\* Estas competencias específicas ou xenéricas foron valoradas polas enxeñeiras e enxeñeiros en informática dentro da categoría sinalada como "outras".

### V.4.6. Valoración de distintas opinións relacionadas coa profesión

En relación ao mellor momento para entrar na administración, un 67,6% opinou que nada máis rematar a enxeñaría técnica en informática deberíase de *opositar á administración*. Apenas unha de cada catro enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática consideran que se debe de opositar cando xa se ten unha *experiencia previa e rodaxe profesional*.


As mulleres son máis partidarias que os homes de *opositar a administración* nada máis rematar a enxeñaría técnica en informática.

Figura.5.4.6.1. Cando opositar á administración



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Figura.5.4.6.2. Cando opositar á administración por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Pedíuselle á mostra enquisada que valorasen unha serie de afirmacións, obtendo que a afirmación coa que máis están de acordo as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática é que *na privada é máis rápida a promoción que na pública*. Respecto á afirmación que acadou unha peor puntuación de todas elas foi a de que *na privada está mellor remunerado*.

Táboa.5.4.6.1. Valoracións das seguintes afirmacións


		Homes	Mulleres	Total
Na privada é máis rápida a promoción que na pública	Moi de acordo	26,2%	19,4%	23,9%
	Bastante de acordo	27,2%	26,9%	27,2%
	Pouco de acordo	21,5%	20,4%	21,1%
	Nada de acordo	6,3%	8,6%	7,0%
	NS/NC	18,8%	24,7%	20,8%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,90</b>	<b>2,76</b>	<b>2,86</b>
Na privada está mellor remunerado/a	Moi de acordo	8,9%	12,9%	10,2%
	Bastante de acordo	26,2%	28,0%	26,8%
	Pouco de acordo	28,8%	18,3%	25,4%
	Nada de acordo	17,8%	18,3%	18,0%
	NS/NC	18,3%	22,6%	19,6%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,32</b>	<b>2,46</b>	<b>2,36</b>
As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática da pública manexa máis recursos que o da privada	Moi de acordo	11,0%	9,7%	10,6%
	Bastante de acordo	25,7%	26,9%	26,1%
	Pouco de acordo	27,7%	22,6%	26,1%
	Nada de acordo	9,4%	7,5%	8,8%
	NS/NC	26,2%	33,3%	28,4%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,52</b>	<b>2,58</b>	<b>2,54</b>
As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática da administración ten máis autonomía sobre os seus proxectos	Moi de acordo	6,8%	2,2%	5,3%
	Bastante de acordo	27,2%	28,0%	27,5%
	Pouco de acordo	25,1%	26,9%	25,7%
	Nada de acordo	11,0%	7,5%	9,8%
	NS/NC	29,9%	35,5%	31,7%
	<b>Valoración Media</b>	<b>2,43</b>	<b>2,38</b>	<b>2,41</b>

Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Escala de valoración dende 1: Nada de acordo ata 4: Moi de acordo.

Figura.5.4.6.1. Valoracións medias por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.  
 Escala de valoración dende 1: Nada de acordo ata 4: Moi de acordo.

### **Conclusións do apartado:**

Dúas de cada cinco enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática teñen unha moi boa/boa percepción da situación profesional actual. Por sexo, eles son lixeiramente máis optimistas ca elas.

A metade das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática consideran que a situación profesional manterase igual nos próximos dous anos, polo que cren na estabilidade da situación profesional. Valoran este aspecto moito máis positivamente as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea no sector privado.

Un 79,6% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática consideran moi/bastante necesario explorar outras opcións alternativas para o desempeño da profesión.

As tres principais recomendacións que lles fan aos xóvenes enxeñeiros técnicos en informática desempregados son:

- *buscar traballo no sector TIC (85,6%)*
- *buscar traballo na administración (71,2%)*
- *buscar traballo en sectores diferentes ao TIC (54,2%)*

As tres principais recomendacións que lles fan as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática maiores desempregados son:

- *buscar traballo na administración (75,7%)*
- *buscar traballo no sector TIC (71,8%)*
- *buscar traballo en sectores diferentes ao TIC (62,3%)*

As tres competencias máis importantes para as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática no desenvolvemento do seu traballo son:

- *a capacidade para aprendizaxe (36,7%),*
- *a capacidade de traballo en equipo (30,8%)*
- *a capacidade de planificación, coordinación e organización (14,0%).*

Case un 50% deles destacan "outras competencias" (ver cuestionario no anexo II) entre as que se atopan a *creatividade (4,5%)* e a *capacidade de comunicación oral e escrita (3,5%)*.

Tanto as mulleres coma os homes coinciden nas tres competencias máis importantes.



O mellor momento para entrar na administración, segundo opinou un 67,6% é nada máis rematar a enxeñaría técnica en informática.

Tanto as mulleres coma os homes valoran moi positivamente que *na privada é máis rápida a promoción que na pública*. A afirmación que acada unha peor puntuación de todas elas foi a de que *na privada está mellor remunerado*.


## V.5. Relación con organizacións (colexios ou asociacións)

Colexios e asociacións informáticas de Galicia:

- Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG)
- Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG)
- Asociación de Enxeñeiros en Informática de Galicia (AEIG)


A maioría das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática non están asociados ou colexiados nos respectivos colexios informáticos ou asociacións informáticas de Galicia (CPEIG, CPETIG ou AEIG). Os homes están colexiados ou asociados en maior medida que as mulleres, 5,6 puntos porcentuais máis.

Figura.5.5.1. Asociados ou colexiados



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.


Figura.5.5.2. Asociados ou colexiados por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.


Independentemente de estar ou non estar colexiados ou asociados, nos últimos doce meses un 6,3% participou en actividades preparadas polos colexios (CPEIG, CPETIG) ou asociacións (AEIG), sendo máis participativos os homes cas mulleres.

Figura.5.5.3. Participou en actividades



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.


Figura.5.5.4. Participou en actividades por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia (n=284).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.


Máis da metade das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática non asociados ou colexiados non coñecen as vantaxes que ofrecen os colexios ou asociacións informáticas.

Figura.5.5.5. Coñecemento das vantaxes de estar colexiados ou asociados



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia non asociados ou non colexiados (n=261).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

Figura.5.5.6. Coñecemento das vantaxes de estar colexiados ou asociados por sexo




Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia non asociados ou non colexiados (n=261).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

As enxeñeiras e as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática non colexiados ou non asociados afirman que os principais motivos para non colexiarse son porque *non teñen información necesaria para decidir* sobre os colexios ou as asociacións e porque *non coñecen estas organizacións*.

As mulleres destacan en maior medida que os homes no primeiro motivo mencionado, mentras que os homes destacan no segundo motivo mencionado.

Un 41,4% deles afirman "outros motivos" para non colexiarse.


Figura.5.5.7. Motivos polos que non están colexiados por sexo



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia non asociados ou non colexiados (n=261).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.  
 As porcentaxes non suman o 100% xa que poden elixir máis dunha opción.


Un 44,8% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática opinan que os motivaría colexiarse se obtivesen unha maior oferta de *cursos de formación*. Outro dos motivos para colexiarse sería a obtención de *máis información sobre a organización*.

Figura.5.5.8. Motivación para colexiarse



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia non asociados ou non colexiados (n=261).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

A maioría das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática desexan recibir máis información sobre os colexios ou asociacións.



Base: Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática de Galicia non asociados ou non colexiados (n=261).  
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos na enquisa.

### **Conclusións do apartado:**

A maioría das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática non están asociados ou colexiados nos respectivos colexios de informáticos ou asociación informática.

Independentemente de estar ou non estar colexiados ou asociados, nos últimos doce meses un 6,3% participou en actividades preparadas polos colexios (CPEIG, CPETIG) ou asociacións (AEIG), sendo máis participativos os homes cas mulleres.

Das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que non están colexiados ou asociados obtíveronse as seguintes conclusións:

- Máis da metade das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática non asociados ou colexiados non coñecen as vantaxes que ofrecen os colexios ou asociacións informáticas.
- As enxeñeiras técnicas en informática afirman que o principal motivo para non colexiarse é *porque non teñen información necesaria para decidir sobre os colexios ou as asociacións* e as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática porque consideran que *non coñecen estas organizacións*.
- *Un 44,8% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática opinan que os motivaría colexiarse se obtivesen unha maior oferta de cursos de formación.*
- *A maioría das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática desexan recibir máis información sobre os colexios ou asociacións.*

## CAPÍTULO VI

### Resumo de resultados

## VI. Resumo de resultados

### VI.1. O título: enxeñaría técnica en informática

Os estudos de enxeñaría técnica en informática ofértanse nas tres universidades do SUG, distribuíndose da seguinte maneira:

- Enxeñaría técnica en informática de xestión: UDC e UVI.
- Enxeñaría técnica en informática de sistemas: UDC, USC e UVI.

**As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática cursan principalmente a enxeñaría técnica en informática na Universidade da Coruña e na Universidade de Vigo**, non tendo case representatividade a Universidade de Santiago de Compostela, debido a recente implantación deste título. A especialidade que obtén unha maior representatividade é a **enxeñaría técnica en informática de xestión**, feito que está en consonancia con que esta especialidade se imparta nas dúas universidades con máis tradición neste tipo de estudos: UDC e UVI, e sendo a única especialidade impartida na UVI.

### VI.2. Características sociodemográficas

**A enxeñaría técnica en informática segue a estar representada principalmente polos homes.**

- Dous de cada tres titulados en enxeñaría técnica en informática son homes. Dato moi salientable, se temos en conta que hoxe en día a maioría dos titulados universitarios son mulleres.

**As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática son xente xove e non teñen problemas para atopar traballo en Galicia.**

- O perfil das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática é un home, cunha media de idade de 31 anos, nado e con familiares en Galicia, que reside e desenvolve o seu labor profesional en Galicia. En concreto, un 83,6% traballa en Galicia e un 16,4% traballa fóra de Galicia.

### VI.3. Formación

#### Formación universitaria

**As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática rematan os estudos entre os 21 e os 24 anos.**

- Existe un constante crecemento da poboación de titulados en enxeñaría técnica en informática dende o ano 1991, presentándose os picos máis altos nos anos 1997, 2003 e 2005.
- **A idade media con que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática rematan o título é de 24 anos**, finalizando os estudos nun período de tempo medio aproximado de seis anos.
- **Un 3,2% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática posúen un dobre título.** Preferentemente son homes os que posúen un dobre título.

**As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática están moi satisfeitos co seu paso pola universidade.**

- **As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática están moi satisfeitos coa enxeñaría técnica informática estudada**, un 77,1% volvería a cursar dito título. **A motivación principal** para elixir este título universitario foi para eles **a vocación** e para elas **as saídas laborais**.
- **A universidade acada unha valoración positiva coa formación impartida**. Están moi/bastante satisfeitos (73,3%) coa formación recibida na universidade, **valorando positivamente sobre todo a formación teórica**, e sendo menos xenerosos na valoración dos aspectos relacionados coa *formación práctica* e *a adecuación entre os coñecementos técnicos e as esixencias profesionais*.
- As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática demandan **máis información sobre a busca de emprego** dentro da propia universidade (85,9%). Este dato resulta sorprendente tendo en conta que se trata dun título que rexistra practicamente o pleno emprego, pero ponse en evidencia que non se sinten suficientemente informados sobre o acceso ao mercado laboral.

#### **Formación complementaria posterior ao título**

**As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática continúan estudos relacionados coa universidade unha vez rematado o título.**

- **Un 7,0% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática realizan algún máster e un 10,6% cursan outros títulos universitarios**, onde probablemente están contemplados aquelas enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que deciden estudar enxeñaría en informática. **Un 11,6% acadan certificacións profesionais**.
- **As mulleres preferentemente estudan outros títulos universitarios fronte aos homes que prefiren as certificacións profesionais**.

**As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática realizan formación complementaria a través da empresa onde traballan, motivados porque facilite a procura/mellora de emprego. A temática principal son os cursos sobre ferramentas ou aplicacións específicas, considerando a metade deles que foi de moita/bastante utilidade dita formación.**

- O principal **medio de obtención da formación complementaria** non relacionada coa universidade é **a empresa** onde traballan cunha porcentaxe do 39,7%, sendo a principal razón para realizar dita formación **facilitar a procura/mellora de emprego**.
- A temática principal da formación complementaria son **os cursos sobre ferramentas ou aplicacións específicas** (81,0%), destacando en maior medida os homes fronte as mulleres e seguida polos **cursos de idiomas**.
- **Están satisfeitos coa formación complementaria realizada**, xa que un 81,0% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática consideran que dita formación foi de moita/bastante utilidade.

#### VI.4. Situación laboral

**As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática teñen unha situación laboral moi favorable, aproximándose ao pleno emprego.**

- A maioría das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática (86,2%) atópanse traballando, achegándose **ao pleno emprego**. Desenvolven o seu labor profesional principalmente por **conta allea** (82,7%), non habendo case representatividade por conta propia (3,5%).
- **Non existe case situación de desemprego** na enxeñaría técnica en informática, apenas atopamos un 6,4% en paro ou en busca do primeiro emprego. A pesar de ser unha porcentaxe tan pouco representativa seguen a ser as mulleres as que superan aos homes neste aspecto.
- Un de cada tres titulados en enxeñaría técnica en informática accede ao mercado laboral **antes de rematar a enxeñaría técnica en informática**. Principalmente en terceiro curso, traballando en algo relacionado co título estudado.
- Apenas buscan traballo, un 72,9% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática **atopan o primeiro emprego nos tres primeiros meses** do inicio da búsqueda.
- **O número medio de empresas nas que traballan** ao longo de toda a súa traxectoria profesional **oscila entre dúas e tres**. As mulleres presentan en maior medida mobilidade empresarial, xa que un 19,7% de mulleres traballou en máis de cinco empresas, o que representa 10 puntos porcentuais máis que os homes.

#### Situación laboral por conta allea

**As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática traballan por conta allea, preferentemente nunha empresa do sector privado pertencente ao sector das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).**

A categoría de traballo por conta allea representa un 82,7% do total da situación laboral das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática e encóntrase dividida nas seguintes subcategorías:

- **Traballo no sector público** (21,8%): administración pública ou empresa pública.
- **Traballo no sector privado** (60,9%): sector TIC ou sector non relacionado coas TIC.
- **As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática traballan a tempo completo**, encontrándose as porcentaxes de tempo parcial principalmente representadas polas mulleres.
- Levan **unha media de 6,55 anos traballando como persoal asalariado** e tan só existe un 5,5% que levan traballando menos de un ano.
- **A estabilidade laboral das enxeñeiras e enxeñeiros en informática** que traballan por conta allea aparece reflexada na **alta porcentaxe** acadada polos contratos indefinidos ou fixos, obtendo que **un 74,0%** presentan un **contrato indefinido ou fixo**, fronte ao **11,5%** dos contratos temporais.
- O **principal exercicio profesional** é a **elaboración de proxectos informáticos** representando un 55,7% do total, coincidindo por xénero nesta afirmación. Seguido da



***dirección de proxectos informáticos*** (19,6%) e ***a realización de estudos e informes*** (14,9%). Todas as especialidades da enxeñaría técnica en informática son unánimes na opinión de que o principal tipo de exercicio profesional é ***a elaboración de proxectos informáticos***.

- Os postos de dirección seguen a reservarse para os homes, de feito existe unha diferenza significativa na ***dirección de proxectos informáticos***, os homes representan un 20,7% fronte as mulleres que representan un 16,9% (5 puntos porcentuais menos).
- Os cinco principais perfís profesionais cos que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática se identifican son:
  - ***programador de sistemas informáticos*** (20,7%)
  - ***analista de tecnoloxías da información*** (13,9%)
  - ***analista de sistemas informáticos*** (11,4%)
  - ***profesor/docente (educación secundaria obrigatoria, ciclos formativos, universitario, etc....)*** (10,1%)
  - ***consultor tecnoloxías da información*** (7,6%)
- A maioría das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática están moi/bastante de acordo en que ***os proxectos informáticos sempre deberían ser asinados polo seu autor*** (94,1%) e que deberían ***ter atribucións para que soamente quen posúa o título poida asinar os proxectos informáticos*** (93,1%).
- **Un 86,8% considera que os proxectos informáticos deberían visarse.** Os homes son máis partidarios de que ***deberían visarse sempre tanto se o destinatario final é a administración pública como se é a empresa privada*** e as mulleres son máis partidarias de que ***deberían de visarse dependendo da súa natureza (criticidade dos mesmos) independentemente de quen sexa o destinatario final.***
- As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática ***desenvolven a súa profesión preferentemente no sector privado estatal e internacional*** (73,5%) fronte ao sector público (26,5%), estando representada o dobre a empresa privada estatal fronte a empresa privada multinacional. Elas traballan máis na empresa privada estatal e eles máis na empresa privada multinacional.
- Case a metade das enxeñeiras e enxeñeiros en informática ***traballan nunha gran empresa***, dato moi salientable tendo en conta que en Galicia a maioría das empresas son PEMES.
- O principal nivel de responsabilidade é ocupar un posto de ***técnico/a con e sen responsabilidades e/ou autoridade (45,1%)***, seguido da ***xestión dunha área ou departamento***. As mulleres representan un 1,4% nos postos directivos e os homes un 0,6%, ***decidindo sobre o total dos recursos da empresa (asimilable a xerente)***.
- Máis da metade das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea fóra de Galicia gustaríalles traballar en Galicia nas actuais condicións de mercado, sendo a motivación principal para os homes ***mellorar a calidade de vida*** e no caso das mulleres existen tres motivacións: ***por ser de orixe galega, por mellorar a calidade de vida e por razóns familiares.***
- Case a metade das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea en Galicia gustaríalles traballar noutra comunidade no caso de atopar unha

oferta do seu interese, estando dispostos á **mobilidade xeográfica**, sendo a motivación principal tanto para elas como para eles **ascender profesional e economicamente**.

### Sector público

Un **33,9%** das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática traballa no grupo que lle corresponde polo título estudado no sector público. Destaca un **19,4%** traballando nun grupo superior ao estudado.

- O perfil dun titulado en enxeñaría técnica en informática que traballa no sector público é un traballador da administración autónoma, relacionado coa educación (profesor de universidade, ensinanza secundaria ou ciclos formativos), desempeñando o seu traballo como un grupo B e que anteriormente traballaba no sector privado.
- Menos dun 13,0% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática **compatibilizan o seu traballo na administración** con algunha outra actividade remunerada.

### Sector privado

As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática traballan preferentemente nunha empresa pertencente ao sector TIC (subministradoras, operadoras) (**68,4%**).

- Empresa privada pertencente ao sector TIC
  - Case a metade das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática traballan nunha **consultoría** (47,1%), desenvolvendo principalmente **tarefas técnicas** (70,1%).
- Empresa privada pertencente a un sector non relacionado coas TIC
  - O principal sector ao que se adica a empresa ou organización non TIC no que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática traballan é o das **finanzas, seguros e actividades inmobiliarias** (10,4%), desenvolvendo principalmente **tarefas técnicas** (55,5%). Estas conclusións deben ser consideradas con cautela debido á alta porcentaxe de persoas enquisadas que contestaron "outros sectores" ou ben dentro da categoría "non sabe/non contesta".
  - O posto que desempeñan na empresa privada **é exclusivo do seu título** e non podería estar cuberto por outra persoa cun título diferente. Os homes presentan unha opinión máis exclusivista que as mulleres.
  - Valoran como **moi/bastante importante no desempeño do posto de traballo** nunha empresa non relacionada coas TIC as competencias xenéricas e específicas :
    - **capacidade de adaptación e aprendizaxe** (98,0%)
    - **os coñecementos técnicos** (85,5%)

- **Aspectos xerais do posto de traballo actual desempeñado no sector privado**

- As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática **levan unha media de 3,92 anos** traballando no seu **posto de traballo actual**.
- **Traballan unha media de 41 horas semanais, sendo os homes** os que presentan unhas porcentaxes máis altas no tramo de **máis de 46 horas semanais**. Elas pola contra representan unha porcentaxe de 6,9 puntos porcentuais superior no tramo de menos de 35 horas semanais, xa que traballan máis en **xornada parcial**.
- Tres de cada catro titulados en enxeñaría técnica en informática consideran que **traballan nun sector** pertencente **á especialidade estudada**.
- Un 45,4% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática afirma que **necesitou formación específica** para desenvolver o seu traballo na empresa privada.
- A maioría das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática traballa **na zona xeográfica que desexa**.
- **Os tres aspectos do seu posto actual** cos que as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática están **máis satisfeitos** son:
  - **o contido do traballo** (84,9%)
  - **a satisfacción xeral coa empresa** (76,1%)
  - **a súa valoración dentro da empresa** (73,9%)
- Tanto os homes coma as mulleres consideran que no seu posto actual na empresa privada **o título está ben considerado dentro do ámbito da empresa**. Elas son máis pesimistas á hora de valorar as afirmacións de que *os coñecementos adquiridos durante o título fóronlle de utilidade* e a que *o título está ben considerado dentro do ámbito da empresa*.
- Tres de cada cinco titulados en enxeñaría técnica en informática *opinan que* **a súa liña profesional coincide coas súas expectativas ao inicio do título**. Esta afirmación encóntrase afianzada coa súa satisfacción co título estudado.

### **Salario:**

- O tramo salarial bruto anual que máis destaca é **entre 18.001 e 30.000 euros brutos anuais**, onde están situadas practicamente a metade das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática **independentemente de que traballen no sector público ou privado**. Acadan **mellores salarios** no sector privado nas **empresas do sector TIC**, obtendo as seguintes porcentaxes para salarios brutos anuais superiores a 30.001 euros:
  - sector público (16,1%)
  - sector privado empresas do sector TIC (16,8%)
  - sector privado empresas do sector non relacionadas coas TIC (14,6%)
- Existe **discriminación salarial por sexo**, tanto no sector público coma no privado. En ambos os dous ámbitos, **as mulleres acadan unha maior representatividade** cos homes no tramo salarial correspondente **entre 12.001 e 18.000 euros**. Con respecto ao **salario bruto anual superior a 30.001 euros**, as diferenzas son maiores no sector privado e inexistentes no público. A **porcentaxe de homes que traballan nas**

**empresas privadas pertencentes a un sector non relacionado coas TIC e cun salario superior a 30.001 euros é 10,4 puntos porcentuais maior que a das mulleres.** Parte destas diferenzas explícase porque a proporción de mulleres cunha xornada laboral a tempo parcial é maior que a de homes. Isto provoca que os seus ingresos brutos anuais sexan menores.

- **O salario bruto anual evoluciona favorablemente en relación a idade** das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática, principalmente no sector público e no sector privado relacionado coas TIC. **As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática sítense moi valorados dentro da empresa privada**, véndose este feito reflexado na evolución favorable do salario bruto anual co paso do tempo, na súa relación salario-idade.
- A evolución favorable da relación salario-idade pon de manifesto a valoración da experiencia laboral nas empresas privadas.

### **Primeiro emprego**

Dadas as características da poboación empregada<sup>50</sup> no estudo, non existen resultados representativos na busca do primeiro emprego.

Os **cinco factores máis valorados na busca do primeiro emprego** polas enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática, segundo resultados da ACSUG<sup>51</sup>, son:

- *Os **coñecementos de informática***
- *A **experiencia laboral relacionada***
- *A **actitude durante a entrevista***
- *O **ter mobilidade xeográfica***
- *O **saber aproveitar as oportunidades***

### **VI.5. Diagnóstico da profesión**

#### **Presente e futuro da situación profesional**

**A metade das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática teñen unha percepción moi boa/boa da situación profesional actual. Perciben a estabilidade laboral preferentemente na empresa privada e consideran necesario explorar outras opcións alternativas para o desempeño da profesión.**

- **Dúas de cada cinco** persoas tituladas en enxeñaría técnica en informática teñen unha **moi boa/boa percepción da situación profesional actual**. Por sexo, eles son lixeiramente máis optimistas ca elas.
- **A metade** das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática non consideran que se vaian a producir cambios na súa situación profesional dentro de dous anos, polo que **cren na estabilidade da situación profesional**. Valoran este aspecto moito máis positivamente as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que traballan por conta allea no sector privado.

<sup>50</sup> Os titulados técnicos en informática máis recentes correspóndense ao curso académico 2005-2006.

<sup>51</sup> Datos non publicados correspondentes ao título de enxeñaría técnica en informática: titulados nos cursos académicos 2003-2005 (ACSUG 2008) e 2005-2006 (ACSUG 2009). Escala de valoración empregada dende 1: Nada ata 5: Moito.

- **Un 79,6%** das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática considera **moi/bastante necesario explorar outras opcións alternativas** para o desempeño da profesión.

### Recomendacións aos desempregados xóvenes e maiores

**As enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática recomentan ás enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática desempregados buscar traballo en empresas privadas do sector TIC e na administración pública, intercambiándose a orde de preferencia tendo en conta se é xove ou maior desempregado.**

- As **tres principais recomendacións** que lles fan aos **xóvenes** enxeñeiros técnicos en informática **desempregados** son:
  - *buscar **traballo no sector TIC*** (85,6%)
  - *buscar **traballo na administración*** (71,2%)
  - *buscar **traballo en sectores diferentes ao TIC*** (54,2%)
- As **tres principais recomendacións** que lles fan as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática **maiores desempregados** son:
  - *buscar **traballo na administración*** (75,7%)
  - *buscar **traballo no sector TIC*** (71,8%)
  - *buscar **traballo en sectores diferentes ao TIC*** (62,3%)

### Competencias profesionais

- As **tres competencias profesionais** máis importantes para as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática no desenvolvemento do seu traballo son:
  - *a **capacidade para aprendizaxe*** (36,7%),
  - *a **capacidade de traballo en equipo*** (30,8%)
  - *a **capacidade de planificación, coordinación e organización*** (14,0%).
 Case un 50% deles destacan "**outras competencias**" (ver cuestionario no anexo II) entre as que se atopan a **creatividade** (4,5%) e a **capacidade de comunicación oral e escrita** (3,5%).
- Tanto as mulleres coma os homes coinciden nas tres competencias máis importantes.

### Afirmacións sobre a profesión

- O mellor momento para **opositar á administración**, segundo opinou un 67,5%, é **nada máis rematar a enxeñaría técnica en informática**.
- Tanto as mulleres coma os homes valoran moi positivamente que **na privada é máis rápida a promoción que na pública**. A afirmación que acadou unha peor puntuación de todas elas foi a de que "**na privada está mellor remunerado**".

### VI.6. Relación con organizacións (colexios ou asociacións)

- **A maioría** das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática non están asociados ou colexiados nos respectivos colexios de informáticos ou asociación informática.

- Independentemente de estar ou non estar colexiado/a ou asociado/a, nos últimos doce meses un 6,3% **participou en actividades preparadas polos colexios** (CPEIG, CPETIG) ou asociacións(AEIG), sendo máis participativos os homes cas mulleres.
- Das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática que **non están colexiados ou asociados obtiveronse** as seguintes conclusións:
  - Máis da metade das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática non asociados ou colexiados **non coñecen as vantaxes** que ofrecen **os colexios ou asociacións informáticas**.
  - As enxeñeiras técnicas en informática afirman que o principal motivo para non colexiarse é *porque non teñen información necesaria para decidir sobre os colexios ou as asociacións* e as enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática porque consideran que **non coñecen estas organizacións**.
  - Un 44,8% das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática opinan que os motivaría colexiarse se obtivesen **máis oferta formativa**.
  - **A maioría das enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática desexan recibir máis información sobre os colexios ou asociacións**.

**ANEXOS**

Anexos

## Anexo I

### Ficha técnica

Universo	Enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática, diplomadas e diplomados en informática correspondentes aos cursos académicos comprendidos entre 1990-1991 e 2005-2006
Tipo de mostraxe	Mostraxe aleatoria estratificada
Nivel de confianza	95%
Probabilidade	Hipótese de máxima indeterminación ( $p=q=50\%$ )
Conglomerados	Enxeñaría en informática Enxeñaría técnica en informática
Estratos	Universidade da Coruña Universidade de Santiago de Compostela Universidade de Vigo
Erro de mostraxe global	5,36%
Tamaño do universo	1920 tituladas e titulados
Tamaño da mostra	284 tituladas e titulados
Unidade de mostraxe/ unidade informante	Tituladas e titulados no SUG enxeñaría técnica en informática e diplomatura en informática
Ámbito xeográfico	Non ten un ámbito xeográfico propio
Recollida da información	Entrevista telefónica
Realización do traballo de campo	Dende o 28 de setembro ata 30 de outubro de 2008, realizado por "Proxectos, Consultoría e Formación"



## Anexo II

### Cuestionario:

#### Datos clasificatorios

1. Título:
  1. Enxeñaría en informática/Licenciatura en informática
  2. Enxeñaría técnica en informática/Diplomatura en informática
  
2. Escola/Facultade na que finalizou os estudos:
  1. Facultade de informática. Universidade da Coruña
  2. Escola superior de enxeñaría en informática de Ourense. Universidade de Vigo
  3. Escola técnica superior de enxeñaría. Universidade de Santiago de Compostela
  
3. Sexo:
  1. Home
  2. Muller
  
4. Idade: \_\_\_\_\_
  
5. A continuación, voulle mencionar diferentes vinculacións con Galicia. Podería dicirme cal das seguintes ten vostede coa nosa comunidade?:
  1. Naceu en Galicia
  2. Ten familia nacida en Galicia
  3. É residente en Galicia ([ir á pregunta 7](#))
  4. Traballa en Galicia
  5. Ningunha das anteriores
  
6. ¿Cal é a súa comunidade autónoma ou país de residencia?:
  1. Andalucía
  2. Aragón
  3. Asturias
  4. Baleares
  5. Canarias
  6. Cantabria
  7. Castela A Mancha
  8. Castela e León
  9. Cataluña
  10. Ceuta
  11. Estremadura
  12. Madrid
  13. Melilla
  14. Murcia
  15. Navarra
  16. País Vasco
  17. A Rioxa
  18. Comunidade Valenciana
  19. Outro país. ¿Cal? \_\_\_\_\_

## Bloque 1: Formación universitaria e formación complementaria posterior

7. Ano en que finalizou o título (todas as materias agás o proxecto): \_\_\_\_\_
8. ¿Que especialidade cursou no título? (só para enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática):
  1. Enxeñaría técnica en informática de xestión
  2. Enxeñaría técnica en informática de sistemas
9. ¿Volvería a cursar o mesmo título?:
  1. Si
  2. Non, cursaría outro título universitario de enxeñaría en informática
  3. Non, cursaría outro título universitario (diferente de enxeñaría en informática)
  4. Non, non cursaría estudos superiores
10. ¿Podería dicirme cal é o seu nivel de satisfacción en relación á formación recibida na súa universidade?:
  1. Moi satisfeito
  2. Bastante satisfeito
  3. Pouco satisfeito
  4. Nada satisfeito
